

## viveiro

O Goberno local implanta novos servizos para a mellora da recollida de residuos. **Páx. 9**

## foz

Renovadas as árbores na praza de Conde de Fontao e no Campo da Cabana. **Páx. 10**

## burela

O Concello renovará con dúas obras os servizos e a accesibilidade da rúa Portelo. **Páx. 12**

## ribadeo

Aprobado o orzamento do 2024 que ascende a 12,3 millóns, o máis alto da súa historia. **Páx. 15**

## a pontenova

A tirolina foi galardoada nos Premios ao Desenvolvemento Rural. **Páx. 16**

## As vilas máis iluminadas

Árbores, renos, estrelas, bólas de neve ou casiñas son algunhas das decoracións que escolleron os concellos para atraer máis turismo



## A colaboración veciñal como compromiso

Ana Moreira é parte da directiva da recente asociación trabadense, Veiguello. **Páx. 23**

## O piloto mindoniense Adrián Méndez

O cativo conquista o enduro desde que tiña tres anos e vén de gañar a Copa de España. **Páx. 25**

## O Pleno aproba o orzamento da Deputación

Conta de 116 millóns de euros, con máis servizos públicos e máis dinamismo económico. **Páx. 29**

## Guillermo Cancelo



Director, actor e promotor de asociacións teatrais. **Páx. 5**

## Gómez Besteiro



Deputado lugués e candidato á presidencia da Xunta polo PSOE. **Páx. 6-7**

## Os mellores talentos



Burela acollerá a Futsal Women's European Champions 2023. **Páx. 27**

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 20 GB  
**10€/mes**  
Durante 7 meses 31€/mes  
Engade Adamo TV por 3€ máis

**30 GB EXTRA**  
Durante 4 meses

La fibra de *Andy y Lucas*

O noso é propósito  
**o teu aforro**

Chama gratis ao **900 651 679** ou configura o teu paquete personalizado en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 01/12/2023 e o 07/01/2024, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 MB + Móbil 20 GB durante os 7 primeiros meses a 10€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais si instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 143,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Líñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. Ademais, se contratas antes do 07/01/2023, lévasche 30GB/mes extra durante 4 meses (meses en curso e os 3 meses seguintes á súa contratación).

## A MARIÑA

# A comarca ilumínase para o Nadal

A “pelexa” entre concellos por ver quen conta cun maior despregamento de luces para atraer o turismo non é nova, pero crece

A ponte do mes de decembro adoita ser sempre a data idónea para acender o alumeado de Nadal nos concellos da comarca, por iso a gran maioría dos municipios estivo estas semanas de novembro engalanando as rúas e prazas.

“Leva tempo preparar un alumeado bonito e que poida sorprender aos veciños e visitantes”, explica a concelleira de Cultura de Foz, Inés López Couto, quen engade que “en Foz o Nadal sempre é unha data especial, pero levamos uns anos envorcándonos máis, poñéndolle un chisco extra, porque as caras dos máis pequenos son o mellor o día do acendido”.

Todos os anos os concellos decoran con moito agarimo e colocan os adornos de Nadal para así dar o disparo de saída das festas e poder animar e fomentar as compras no comercio local.

Este ano a crise coa consecuente suba de prezos na gasolina, na enerxía eléctrica e na cesta da compra farán que xa non sexa tan importante a carreira por acender antes, senón por abaratar na medida do posible os custos.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, destaca “a colaboración constante co comercio local que temos dende o Concello, dada a importancia que as luces de Nadal teñen para o sector e para a veciñanza en xeral”.

A maioría dos concellos seguen apostando polo alumeado e pola colocación de grandes árbores nas principais prazas.

En **Foz** estaba programado que o día 1 de decembro comezaran a brillar as luces co venres luminoso. “Queríamos facelo antes da ponte, para dar un aliciente máis para achegarse nos festivos de decembro e vir a pasear e a consumir en Foz”, di a concelleira de Cultura focega.

En **Burela** o alumeado de Nadal



estenderase ao longo de máis de trinta rúas e prazas da localidade e o seu acendido tivo lugar o pasado día 6 de decembro e apagarase o 6 de xaneiro, Día de Reis. Pola súa banda, Patricia Eijo, concelleira de Economía e Facenda e de Festas e Festexos, destacou “as novidades na iluminación artística e decoración que haberá este ano. As luces chegarán a novas zonas e barrios, coa fin de promover ao máximo o comercio local e a diversión das nenas e nenos”, sinalou a concelleira. **Viveiro** tamén conta, desde o pri-

meiro día da ponte, co seu tradicional belén ‘Viveiro ante o berce’ no atrio da Igrexa de Santa María, así como cun amplo alumeado nas rúas.

O belén ‘Viveiro ante o berce’ está considerado como un dos máis importantes de Galicia, tanto pola súa beleza e a dimensión das pezas que o compoñen, como pola extensión do conxunto do propio belén e por estar instalado nun enclave histórico-monumental único.

O alumeado foi acendido en **Ribadeo** o pasado día 1, xornada na



que tamén deu comezo o Mercado do Nadal, que se prolongou ata o domingo día 10. Nesta vila o Nadal contará cunha ampla programación e con moitas novidades: “estamos a construír un Nadal que está pensado para todas as idades”, dixo o rexedor.

Tamén contará con pista de xeo este Nadal, que estará instalada nunha carpa na avenida Rosalía de Castro entre o 3 de decembro e o 7 de xaneiro. O horario durante o mes de decembro será de 16.30 a 21.00 horas e do 2 ao 7 de xaneiro de 12

a 14 horas e de 16.30 a 21.00 horas. Os días de Noiteboa e de Aninovo a instalación estará pechada.

En **Mondoñedo** colocarase un Belén de gran formato na Catedral da man da Asociación de Belenistas da Diocese de Mondoñedo Ferrol. Así como seguirán apostando pola decoración e alumeado “esta importante aposta sirva para atraer visitantes a coñecer a nosa cidade e engrandecer así o noso rico patrimonio monumental”, din dende o Concello. Dentro das novidades deste ano, as 8 rúas máis céntricas




# 15 DESEXOS

PARTICIPA COAS TUAS COMPRAS EN CCAFOZ DO 15 DE DECEMBRO AO 6 DE XANEIRO



SORTEO DE NADAL

15 PREMIOS DE 100 EUROS

EN VALES DE COMPRA





centro comercial aberto  
**CCAFOZ**

contarán con novas luces e incorporaron novos arcos para as avenidas Bos Aires e San Lucas. Os 10 espazos de Nadal volverán a estar distribuídos polos recunchos do casco histórico e os diferentes barrios, como son a Casa de Papá Noel, a do Apalpador, o rincón do trineo, os trasgos de Papá Noel, o portal de Belén ou diferentes bonecos de madeira.

En **Lourenzá** a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos preparou un Mercado de Nadal para a segunda fin de semana de decembro e tamén contarán un ano máis coa Vila de Nadal, situada na praza do Conde Santo, elaborada artesanalmente e que “conta con máis figuras que as do ano pasado”, di Rocío López, alcaldesa laurentina.

En **Xove** o alumbeado “será similar a anos anteriores e contará coa tradicional árbore de Nadal”, di o rexedor. O que si é que non haberá pista de xeo como o ano pasado. Este alumbeado xa comezou a funcionar.

No **Vicedo** volverán contar coas luces de Nadal tradicionais e que adoitan colocar en todas as parroquias “para que alegre as rúas de todo o municipio durante estas datas”.

A veciñanza do **Valadouro** volverá a desfrutar un ano máis da súa Papanoelada moteira, organizada polo Moto Clube Valadouro, e que percorrerá as rúas do Concello ata chegar á praza de Santa María. Esta tradicional xuntanza será o día 24 de decembro e comezará a media mañá para percorrer as rúas do Val ata chegar á praza. Acto seguido será a recepción oficial de Papá Noel con todos os nenos e nenas do Val.

O Concello de **Cervo** aposta un ano máis polo material reciclado para a confección de adornos propios do Nadal. Ademais da decoración a partir de residuos procedentes do medio mariño situada no espazo verde contiguo á Casa do Mar en San Cibrao, a delegación de Medio Ambiente repartiu polas parroquias do varios bonecos de neve confeccionados a partir de pneumáticos.

Os bonecos tamén contan con outro tipo de residuos como escobas sen uso, redes e cabos extraídos da costa (bufanda), testos (sombreiro), tapóns (boca), refugallos de madeira (nariz) e demais anacos de plástico (ollos).

O obxectivo principal desta iniciati-



va é didáctico, coa fin de incidir na concienciación da veciñanza sobre a importancia que ten a reciclaxe para o medio ambiente, así como de ensinar que a reutilización de materiais que contribúen á contaminación, pode resultar tamén divertido e proveitoso. Ademais, estes novos adornos veñen complementar a xa tradicional decoración de Nadal instalada nas diferentes zonas do Concello e enxalzan o espírito de Nadal das parroquias.

Así mesmo, na **Pontenova** colocouse unha árbore realizada, o ano pasado, polo alumnado de FP dual de soldadura e caldeiraría do Instituto Enrique Muruais. A árbore, que mide preto de 5 metros, está feita de ferro, aluminio e aceiro inoxidable e ademais “están a facer outra máis grande para poñer na praza dos Fornos”, dixeron dende o Concello.

O alcalde, Darío Campos, agradeceu o agasallo realizado polos alumnos deste centro ao Concello, “nunha vila que conta con tanta tradición no

mundo do ferro é un verdadeiro privilexio contar con esta pequena obra de soldadura. Estou moi orgulloso do traballo destes estudantes, agora podemos comprobar e ver con ledicia”.

**Ourol** conta con alumbeado de Nadal en todas as parroquias e “unha magnífica árbore que estará colocada xunto a area de caravanas”, dixo o rexedor, José Luis Pajón.

No Concello veciño de **Barreiros** a decoración luminosa é similar ao de outros anos, con algún punto mellorado como as prazas do Concello e o Souto e “faremos actividades de Nadal para todas as idades e en colaboración con asociacións”, di Daniel García, concelleiro de Cultura.

As parroquias de **Alfoz** tamén estarán decoradas durante estas datas festivas, “poñeremos alumbeado en todas para que toda a veciñanza poida desfrutar por igual destas datas”. Así mesmo, o Castelo do Castro de Ouro lucirá a súa tradicional estrela de Nadal, unha das máis grandes de Galicia, no alto da torre.



## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



# A Sanidade reséntese na Mariña

A comarca está a vivir tempos convulsos en materia sanitaria, pois os centros de saúde contan con escasos profesionais e poucas citacións

O tecido asociativo do Vicedo convocou recentemente unha concentración baixo o lema *Médicos en Vicedo Xa*, para demandar a cobertura de xeito continuado das dúas prazas de médico de familia. Esta mobilización súmase á anterior no Centro de Saúde de Viveiro, *Paremos a destrución da Atención Primaria*, que congregou centos de veciños e veciñas para reivindicar mellores urxentes na atención primaria da localidade.

Segundo trasladan dende a Plataforma Sanitaria, “a varios pacientes foilles imposible en moitos casos concertar citas para acudir ao médico, para renovar receitas, facer os partes de confirmación de baixas laborais, así como tampouco ser atendidos coa cita que tiñan”.

O centro de saúde do Vicedo conta con dúas prazas de medicina de familia, das que solo estaba ocupada unha delas de xeito continuado, acudindo algún día outra profesional. “Mais desde que este facultativo marchou trasladado a outro lugar, o Sergas

deixou de cubrir todos os días as prazas de médicos, enviando de vez en cando a outra persoa”, din. “Nestes últimos quince ou máis días só viña unha médica un día á semana, ata que desde que os colectivos veciñais, deportivos e culturais se deu a voz de alarma e saíron á rúa a apoiar a concentración que reuniu a tres mil persoas en Viveiro”, engaden, “dous días antes de que a xente saíra á rúa xa puxeron facultativo todos os días no Vicedo, iso si, “soamente durante catro horas”.

Así mesmo, dende a CIG denuncian que “á situación insostible na Atención Primaria de Viveiro e O Vicedo, agora súmase tamén O Valadouro e Alfoz”, denuncian. Dende a central nacionalista din que “o día 22 de novembro non houbo médico no Valadouro, tampouco os días 23, 24, 27 e 28 de novembro de 8 a 9 horas nin de 13 a 15 horas. O día 29 de novembro non houbo médico de 11 a 15 horas, e o día 30 tampouco” e “as urxencias son derivadas principalmente ao Centro de Saúde de Foz, e tamén ao Centro de

Saúde de Alfoz, aumentando deste xeito a carga asistencial das e dos profesionais deses centros”. O Centro de Saúde Alfoz tamén estivo varios días sen atención completa “xa que os días 22, 23, 24, 27, 28 e 29 de novembro non hai médico en Alfoz de 8.00 a 8.30 horas e as urxencias tamén serán enviadas ao Centro de Saúde de Foz”, alertan.

**CITACIÓNS.** A Plataforma Sanitaria denuncia que “numerosos pacientes quéixanse de que se van suspender as citacións dalgúns cupos ata o próximo día 2 de xaneiro de 2024, quedando moitas persoas sen médico de familia, tendo que ser vistas por algún dos outros profesionais”.

A maiores da sobrecarga que supón para o resto do cadro de persoal, ao ter que asumir estes pacientes que quedan sen médico, “centos de persoas non van poder solicitar una cita médica ao quedar sen facultativo de referencia, asignándosele outro dos profesionais que pasan consulta ese día”, din dende o colectivo. “Isto



é especialmente grave na Atención Primaria, eixo fundamental do sistema sanitario público, xa que unha das súas características é a proximidade e a confianza entre profesionais e pacientes para lograr unha relación terapéutica, empática e asertiva que favorece á boa evolución dos problemas físicos, psicolóxicos, emocionais

e sociais das persoas”, sinalan. Segundo explica Montse Porteiro, coordinadora do colectivo, “esiximos á Xerencia e ao Goberno da Xunta que deixe dunha vez por todas de enganar á xente e comece a solucionar o problemas que ten enriba, problemas dos que son os únicos responsables”, conclúe.

## A cuarta edición de A Mariña en Ruta rematará o sábado 16 de decembro

A cuarta edición de A Mariña en Ruta rematará o vindeiro 16 de decembro en Lourenzá cunha visita que será guiada por Carmen Delia, de La Guiateca.

A Mariña en Ruta é un proxecto promovido pola Mancomunidade de Concellos coa colaboración da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo. De outubro a novembro foron programadas 16 actividades, unha por cada concello que conforma o xeodestino e onde a artesanía da comarca ten un papel destacado. Esta edición arrincou o 7 de outubro e concluirá o 16 de decembro, despois de que por mor do mal tempo e dos lumes declarados na ponte do pasado 12 de outubro varias das saídas tivesen que mudar de data.

As actividades de A Mariña en Ruta teñen unha duración de 2 a 4 horas e poden participar un máximo de 25 persoas máis o guía en cada un. O prezo xeral é de 5 euros para individual; 8 euros para parella; e 12 euros para familias ou grupos de ata 5 membros. A información sobre a rutas e as reservas de prazas realizarase de forma automática a través da web de Turismo de A Mariña Lucense.

## Os grupos de participación xuvenil de Viveiro e Burela asistiron a un encontro



Os Grupos de Participación Xuvenil de Viveiro e do Burela participaron no 3º Encontro de Participación Infantil e Xuvenil no Carballiño.

No encontro tratáronse temas de actualidade relacionados coa infancia e a mocidade, e en particular co tratamento e prevención da violencia contra a infancia.

A rapazada participou dunha serie de xogos, dinámicas, actividades artísticas e charlas ao longo da fin de semana, nas que compartiron vivencias con espazos similares procedentes de concellos de toda Galicia.

“A idea de escoitar aos nenos e nenas como guías é fundamental para construír unha contorna

máis amigable e segura para eles. Por iso, proxéctase, para o ano 2024, a expansión do grupo de participación xuvenil en Viveiro creando un grupo infantil, un espazo onde tamén poidan participar as familias en algún momento”, engade o grupo viveirense. A sesión de clausura do evento contou coa presenza da presidenta de UNICEF Galicia, Myriam Garabito Cociña, e do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, Jacobo Rey Sastre. Na provincia de Lugo, Viveiro e Burela son pioneiros na creación de grupos de participación xuvenil.

## Industria convoca á comisión de seguimento de Alcoa para analizar os cambios no seu plan

O Ministerio de Industria e Turismo está en contacto coa empresa Alcoa e cos representantes sindicais, tras coñecerse a decisión da empresa de aprazar a construción dun forno de cocción de ánodos na planta de San Cibrao.

“Alcoa tomou a decisión de aprazar temporalmente a aprobación definitiva do proxecto do forno de cocción de ánodos debido á complexa situación financeira na que nos atopamos”, comunicaron dende a multinacional.

“As plantas de San Cibrao esperan perdas significativas en 2024 debido a unha variedade de factores, entre eles o prezo da enerxía, e os do aluminio e a alúmina. Así mesmo, non estamos a ver os avances que nos gustase no desenvolvemento dos PPA's asinados en 2022”, engaden. Unha vez coñecida a decisión da empresa, o Ministerio de Industria e Turismo decidiu convocar proximamente a comisión de seguimento de Alcoa para analizar, xunto á representación da empresa e os sindicatos, o impacto desta medida.

“É importante sinalar que esta decisión non implica un incumprimento dos nosos compromisos. Seguimos

traballando para cumprir co establecido no acordo de viabilidade e estamos comprometidos a facer todo o que podíamos para lograr o mellor resultado para os nosos empregados”, remataron dicindo dende Alcoa.

Para o departamento que dirixe o ministro Jordi Hereu, a prioridade é garantir o futuro da actividade produtiva e o mantemento do emprego na planta de San Cibrao, de conformidade cos compromisos adquiridos cos traballadores, e que se asegure a viabilidade esta planta.

**COMITÉ.** O comité de empresa de Alcoa en San Cibrao celebrou as súas eleccións sindicais nas que quedou constituído o ente para o próximos catro anos.

Así, seguirá como presidente José Antonio Zan, de CC.OO., que obtivo dez representantes, por oito de UXT, e catro de CIG. Diego Ballesteros será o vicepresidente.

No Pleno tamén se elixiron os postos de secretario, José Manuel Leal Bustabad, que será tesoureiro e secretario, e Alejandro Martínez Eiroa e Diego Chao Rubal, estes dous últimos representantes de CC.OO.



## “O feito de practicar o acto teatral é, por si mesmo, terapéutico”

Guillermo Cancelo, director, actor e promotor de varias asociacións teatrais

### De onde vén e cando xorde a súa paixón polo teatro?

Pois cando era estudante na escola de Imaxe e Son en Ourense, aínda que facía as miñas cousas como realizador, sempre acababa sendo actor en moitas das curtametraxes que faciamos na escola, e iso fíxome achegarme e pensar sobre elo.

### Como foron os seus inicios no teatro?

Xa en Barcelona sobre o ano 97, comecei a formarme en diversas escolas de teatro e a participar nalgúnhas curtametraxes. O meu primeiro papel chegou nunha peza sobre textos de Lorca, no Festival Grec 98 e antes de virme de novo a Galicia, pois tiveron a ocasión de poder traballar cun dos grandes directores deste país, como é Lluís Pascual, nunha montaxe que despedía unha das salas máis representativas do teatro europeo, El Teatre Lliure.

### Cales son as Asociacións nas que participou á súa volta a Galicia?

Asociacións foron unhas cantas, a verdade, e aínda estamos aí. O primeiro grupo que promovín foi Hipócrata Teatro de Lugo, formado por alumnos da aula municipal do Concello lucense, a cal dirixín dende o

ano 2002 o 2010. A súa primeira actuación como grupo foi no San Xoán en Sarria, precisamente. Rebuldeira Teatro tamén deu os seus primeiros pasos comigo. Ao abrigo da aula de teatro municipal de Sarria, que se mal non lembro, iniciou os seus pasos no 2009. Daquelas, o teatro en Sarria era algo máis ben residual, foron catro anos de crecemento exponencial.

### Actuou en diversas series de televisión. Gústalle máis actuar para a cámara ou para o público en directo?

Son formas distintas de traballar: a cámara está máis próxima a un, polo tanto cada cousa que fagas non escapa ao espectador por pequena que sexa. O teatro pide unha maior presenza do actor e todos os seus sentidos. O que si penso é que un actor con formación teatral pode adaptarse máis rapidamente ao traballo cinematográfico que un actor de cámara poida facelo no teatro, sen unha mínima formación. Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar.

### Por que decidiu ir por libre?

Pois pola necesidade de dar saída a diversos proxectos persoais. Naquel primeiro momento, no ano 2010,

puxémonos a traballar Iria Acevedo e máis eu nunha montaxe de Teatro para Bebés, unha peza que tivemos a oportunidade de mover por moitos espazos teatrais de Galicia, así como no Culturgal en Pontevedra ou no Festival Internacional de Teatro para Bebés da Coruña. Os nenos disfrutaban moito do espectáculo, pero se viras as caras dalgún pai ou nai...

### Que actuacións teñen agora mesmo en activo?

Eu, como compañía profesional, como Teatro do Miolo, estou agora mesmo cunha peza de creación persoal: *Saíndo do cerco*, unha comedia existencialista de dous maiores, das súas necesidades, motivacións e de como viven o final da súas vidas. Precisamente, estiven no Vicedo e na casa da cultura de Sarria. Logo, as compañías amadoras, nas que desenvolvo a miña labor como director e, ás veces tamén como autor, pois nestas datas a tope ata fin de ano temos tres comedias. Con Lume Escénico da Pontenova temos unha comedia de creación propia que leva por título *Pontenova Fassion Wiii*.

Co grupo Os Trocos Teatro de Castro de Rei seguiremos pola provincia ata rematar o ano coa montaxe *Camping*

*Gas*. Con esta peza estamos conmemorando o décimo aniversario da escola municipal de Castro de Rei e decidimos retomar esta obra, aínda que tiveron que adaptala a un novo reparto. Con Borquete Teatro de Vilalba estaremos en decembro en varios concellos coa peza *O Velorio*.

### Actúa só na provincia de Lugo?

Coas compañías amadoras pola provincia de Lugo principalmente, xa que son funcións dentro do círculo amateur da Deputación ou en xornadas de teatro municipal que organizamos entre os distintos concellos onde dirixo aulas formativas.

### Por que é importante levar o teatro aos concellos da provincia?

O teatro é moi importante apoiado dende os concellos, pero tamén dende as administracións provinciais ou estatais: educación, sanidade, servizos sociais. Cando estamos inmersos na práctica do xogo teatral, fomentamos o noso crecemento afectivo e social, aumentamos a autoestima, a empatía cos demais, a creatividade e, coa memorización de textos, melloramos a nosa capacidade cognitiva. Eu sempre dixen que o teatro é máis importante que as matemáticas. Evidentemente, é unha maneira de falar, pero para o desenvolvemento do individuo o xogo teatral é básico. O teatro tiña que ser obrigatorio no ensino público. O acto teatral, o feito de practicalo é, por si mesmo, terapéutico; pasar un por distintas e diversas situacións na práctica teatral fai moitas veces que experien-



cias persoais pasadas que o mellor non foron ben resoltas, agora ao pasar por feitos similares nunha improvisación ou texto teatral, fan que moitas veces curemos o noso propio ser. Eu falo disto, dende a propia experiencia con alumnos que pasaron por situacións difíciles na súa vida e coa práctica do teatro atoparon un verdadeiro bálsamo. Xa tiveron alumnos con asperxer, esquizofrenia, problemas condutuais, e o ben que fixo neles o teatro, foi moito. Eu dou obradoiros de carácter terapéutico no centro da Cruz Vermella con ra-

## “Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar”

paces de dano cerebral.

### Que é o que máis lle gusta do teatro?

A verdade é que fago moitas cousas e todas elas teñen o seu. Cando preparo un deseño dunha iluminación nun espazo que ten as condicións e os equipamentos adecuados e ves que a consegues como a imaxinaches, é un pracer; ou cando escribes unha escena e xa a estás vendo cos actores que a van interpretar. Depende de para quen, igual non é moi agradable ver a un tipo partíndose de risa pola casa adiante ás tantas da mañá mentres escribe unha escena.

Como actor, é moi gratificante cando sentes a enerxía do público, cando sentes que está do teu lado, que o que estás facendo chega a esa persoa que está aí sentada observando. **Ten algún proxecto futuro en mente?**

Estou con adaptacións de obras para distintas aulas, nas que os ensaios darán comezo despois das festas de Nadal. A nivel de proxecto persoal, non estou escribindo nada neste momento, pero... a cabeza non para.

# XXIII XORNADAS MINDONIENSES DE ARQUEOLOXÍA



“Villaamil y Castro”



15, 16 e 17 de decembro de 2023



SALA DE CONFERENCIAS DO PAZO SANTOMÉ (Rúa Julia Pardo Montenegro)

Mondoñedo

Organiza



Excmo. Concello de Mondoñedo

# “O Goberno galego ten pendente con Lugo romper a barreira da Galicia de dúas velocidades”

José Ramón Gómez Besteiro, deputado pola provincia, será o candidato á Presidencia da Xunta polo partido socialista nos próximos comicios

**Logrou un apoio no partido moi elevado para ser candidato. Como se acolle esta situación?**

A verdade é que si, ademais que o Partido Socialista é o único que fai verdadeiras primarias. Por tanto houbo ese primeiro momento no que todo o mundo podía presentar as súas candidaturas pero ao final a única que avanzou foi a miña, o cal quere dicir que tivo un respaldo do 100% do partido. E isto é importante, que haxa un partido unido en torno a unha candidatura. Pero así desenvólvese o proceso de primarias, outras veces hai máis candidaturas e hai máis votación, pero esta vez a única candidatura que saíu adiante foi a miña e ao final eu creo que é

saron por unha experiencia pública e privada, eu si a pasei e formoume, eu creo que ademais nese sentido fíxome máis completo. E agora pois esa experiencia que estou vivindo tamén no Congreso dos Deputados, pero xa previa ao que van ser unhas eleccións en Galicia. Eu creo que é unha experiencia moi útil, moi plural e eu creo que iso me fortalece e me enriquece.

**Entón quédase coa pública?**

Neste momento si, pero quero dicir que os dous candidatos, o do Partido Popular e o do Bloque Nacionalista galego, levan 20 anos metidos no Parlamento por unha razón ou por outra. Rueda leva 14 anos na Xunta, Ana Pontón creo que leva 20 anos

meses de delegado pois eu creo que desde o primeiro momento puxen o pé en terra, pé a estar preto dos cidadáns e ver os proxectos, foi pouco traballo de despacho e moito de proximidade. E na miña vida privada seguí vivindo a política de forma intensa, de forma próxima. Por tanto, eu creo que non foi difícil, porque o fago da forma na que máis me identifico, que é unha política próxima.

**Foi designado para xestionar a investidura de Sánchez, despois de ser delegado, significa unha gran proximidade co presidente?**

Eu creo que, e non é por falsa humildade, realmente Pedro Sánchez é un home moi próximo a Galicia máis que o feito de que eu estea próximo a Pedro Sánchez, que é verdade, teño unha afinidade e unha proximidade con el. Eu creo que neste caso Pedro Sánchez está máis próximo a Galicia que outra cousa e que vive moi intensamente as cuestións galegas. Ténho dito moitas veces, en clave de inversións e de apostas por Galicia, foi o Presidente máis galego de todos os que coñezo na democracia, do PSOE e do PP.

**Como ve a situación antes do comezo da campaña?**

Eu creo que estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular e que despois de 14 anos este é un Goberno esgotado, un Goberno que está presidido por unha persoa triste, cun proxecto triste de Galicia. En definitiva, eu creo que a xente quere algo máis, Galicia merece algo máis. Nesa liña o Partido Socialista vai xogar un papel importante, vai dirixir ese cambio que soamente se vai producir se o lidera o Partido Socialista. Ademais, estamos nesa liña, a xente ve ao Partido Socialista como ese partido que pode aglutinar, que pode responder positivamente a ese



cambio e que ademais o lidere. Eu son tremendamente optimista, esa é a hipótese coa que traballo porque é a que percibo no día a día.

**Falando da provincia de Lugo, que necesidades ten para ser abordadas dende o Goberno galego?**

O Goberno galego ten unha materia pendente con Galicia, con Lugo en concreto, que é romper esa Galicia de dúas velocidades. É dicir, durante estes 14 anos o que se fixo foi abrir máis esa fenda entre Lugo e Ourense co resto de Galicia. Galicia non funciona á mesma velocidade e en Lugo en concreto todos o sabemos. A cohesión territorial e social brilla

**“Estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular”**

pola súa ausencia, como as políticas de envellecemento, os servizos sociais, a sanidade (cada vez máis distanciada dos cidadáns), con residencias modelo granxa que ten en marcha a Xunta de Galicia para as persoas maiores. Pero dende o punto de vista do Goberno galego quedan moitas infraestruturas por rematar, as conexións entre a parte interior de Lugo, e estoume referindo á conexión entre A Fonsagrada e

Becerreá, esa parte interior está sen facer; a conexión da Mariña, o VAC da vía norte leva 14 anos sen facerse, non se remata a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte que a ten que facer a Xunta de Galicia. A desconexión das infraestruturas é total, o desinterese é absoluto, coma en Lugo, onde leva 20 anos sen facerse o Plan Paradai e non se desenvolve a Rolda Leste. En definitiva, en infraestruturas estamos peor que nunca e cun departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia que mira para outro lado, o único que saben facer é poñerlle deberes aos demais, pero non facer os seus. Temos tamén unha aposta definitiva e unha revolución urxente no mundo do agro, no mundo forestal e sobre todo da garantía para todos os gandeiros da estabilidade e do desenvolvemento enerxético, onde Lugo pode ser unha potencia e non o está sendo. En definitiva, Lugo ten que vencer fronte a esa desconexión que ten do resto do arco atlántico de Galicia e por iso esas apostas pola reindustrialización que son comúns en Galicia, pero especialmente na provincia de Lugo son necesarias urxentemente.

**Ve a Rueda máis débil que Feijóo á hora de loitar pola Xunta?**

Eu véxoos débiles aos dous. Eu creo que Feijóo apostou, e ademais a debilidade marcouna el, dixo que ía gañar as eleccións, que ía ser presidente do Goberno e a realidade é testana e os votos son testáns tamén e demostraron que non, que non ía ser o próximo presidente do Goberno. Polo tanto, el mesmo marcou a liña entre ganador e perdedor. Agora é un perdedor. Non hai nada de malo niso, é algo democrático, pero hai que asumilo e el aparece agora coma un perdedor. E eu creo que Rueda vai ser o seguinte perdedor porque efectivamente responde ao que che dicía antes, Rueda non é un descoñecido, aínda que nalgúns sitios de Galicia non o coñecen, por iso agora está involucrado nunha carreira porque o coñezan. Pero logo de 14 anos de estar no Goberno como vicepresidente, como man dereita de Feijóo tamén é responsable destes 14 anos. E estes 14 anos o que representan



unha cuestión positiva que, despois dese proceso de primarias, pois haxa unha única candidatura que represente a todo o partido e que todo o partido está detrás dela.

**O seu regreso á política é recente e xa ocupou cargos de relevancia, como delegado do Goberno e agora como deputado. Como foi esta experiencia?**

Foi moi pouco tempo (como delegado) pero foi un tempo moi intenso tamén porque era un momento de fondos europeos, de poñer en marcha o plan de recuperación do Goberno. Foi sumar a unha experiencia que tiña previamente no ámbito local durante oito anos e no ámbito provincial na Deputación. Polo tanto foi retomar outra área da Administración que se suma á que tiña no ámbito local e provincial. Pero durante os 8 anos anteriores que estiven fóra da política pois creo que tamén adquirín unha experiencia importante, como profesional autónomo, que non todos o poden dicir. Dos candidatos que vai haber á Xunta non todos poden dicir que pa-

no Parlamento e eu estes últimos 20 anos combinei a experiencia pública cos últimos 8 anos como autónomo.

**Costou collerlle o ritmo á vida política?**

A verdade é que a min a política sempre me apaixonou. Como sempre fixen unha política de proximidade eu creo que iso o aprendín moi ben no mundo local, no Concello, pero practico igualmente esa política de proximidade. De feito cando estiven eses

## REUNIÓN COAS XUVENTUDES SOCIALISTAS EN LUGO

José Ramón Gómez Besteiro interveu na apertura da escola de outono das Xuventudes Socialistas de Galicia que tivo lugar na cidade amurallada. Na mesma, trataron os principais asuntos que preocupan á mocidade galega, como os problemas do transporte, o difícil acceso á vivenda, as deficiencias da Universidade e a FP, así como a saúde mental e os trastornos aditivos.





agora é un proxecto esgotado, que confronta con todo o mundo. Polo tanto eu véxoo como perdedores aos dous, un xa o é e polo tanto non se pode presentar en Galicia como gañador e Rueda porque vai ser o perdedor.

**Aínda que non hai programa, pode avanzarnos cales serán os principais puntos da programación socialista?**

Hai un primeiro que é o eixo da reindustrialización, esta é unha decisión dos socialistas tomada de acordo co Goberno do Estado pero tamén co Goberno de Europa. É dicir, hai que volver a reindustrializar os territorios e para Lugo e Galicia iso é fundamental. Somos un territorio enerxético toda Galicia, temos vento, temos auga, en definitiva somos unha potencia de produción de enerxía. E iso vai vinculado a reindustrializar porque o que nós defendemos a diferenza doutros partidos é que a reindustrialización ten que ir da man de onde se produce esa enerxía e por tanto se Galicia vai producir moita enerxía e está en predisposición de produci-la ten que recibir os beneficios da reindustrialización. A nós vains dar igual sempre e cando as industrias volvan outra vez para Galicia, entendemos que ten que haber un prezo unitario da enerxía para todos os españois, queremos romper España co prezo da enerxía? Pero si queremos que as industrias veñan para Galicia porque é xusto que es-

tean onde se produce esa enerxía que consume. Date conta que para unha industria máis do 50 % dos custos son custos enerxéticos. Por tanto se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias.

En segundo lugar, a cohesión territorial e social, que vai relacionada

**“Se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias”**

coas infraestruturas, coas conexións, Galicia está desconectada e a Xunta en transporte público non fixo nada. Estamos agora cunha crise en transporte público e unha desconexión da Galicia interior co resto. Crecemento intelixente é outra das dinámicas que temos que levar adiante, porque o Crecemento intelixente o que produce son máis empregos e mellor remunerados, que é o que queremos. Nós estamos educando a unha gran parte da mocidade e esa mocidade formada ten que saír fóra de Galicia porque non ten oportunidades para ser contratada aquí no que se formou e por iso temos que loitar

para ese crecemento intelixente. En Galicia vai haber unha aposta importante por esas novas tecnoloxías, a Axencia de Intelixencia Artificial. En definitiva temos todo o posible para xerar ese traballo pero sobre todo que sexan traballos ben remunerados, que son os que atraen, para que esa xuventude non se vaia.

Hai que dar resposta a unha situación que é letal para Galicia que é o envellecemento da poboación. Con respostas máis modernas, máis eficaces, que vaian máis co sentir da vida das persoas maiores de agora que non das de fai 20 anos. Ese ingreso nesas macrorresidencias que creo que non tratan adecuadamente o fenómeno da velez tal e como o estamos vivindo agora, senón dunha forma distinta, xerando capacidade de crear postos de traballo e unha economía entorno a ese sector. E finalmente, hai unha aposta pola dixitalización que é o que nos vai unir a todos máis, o que nos vai achegar a todos, máis alá das infraestruturas viarias e ferroviarias. Hai que levar ao 100% do territorio de Galicia esa vía que é a Internet, que é a dixitalización, que nos vai permitir tamén traballar en zonas que ata agora pensabamos que non podíamos traballar e levar o teletraballo a zonas que nos vai permitir recuperar poboación. Estes son os eixos, onde non pode faltar efectivamente a gandaría, a agricultura, o sector primario tan importante en Galicia e como non unha visión de Galicia cara ao mundo, cara ao exterior, unha Galicia aberta. Creo que aí non desvelo nada cando o Partido Socialista se vai distinguir das outras forzas políticas por demostrar un proxecto mirando moitísimo máis cara fóra e sen esa tristura dos partidos políticos en Galicia, do Partido Popular pero tamén do BNG, de mirar cara dentro soamente. Nós temos moito que ofrecer, pero tamén temos moito que recibir de fóra das nosas fronteiras e desa visión moitas veces miope que remata en Pedrafita. Eu creo nunha Galicia máis



moderna, máis aberta, máis próspera que é a que vamos enfocar no noso programa electoral.

**En caso dunha maioría relativa, podería editarse un pacto co BNG?**

Eu creo que si se produce ese cambio é un cambio que vai liderar o Partido Socialista e entorno a iso suma-

**“Temos moito que ofrecer e moito que recibir fóra das nosas fronteiras e desa visión miope que remata en Pedrafita”**

remos porque unha das virtudes que ten o Partido Socialista é que baixo un goberno progresista si é quen de aglutinar a máis partidos. Eu dicíao a primeira vez que falei no Congreso que rematei a miña intervención que foi para defender o galego, que nós somos capaces de acordar para avanzar, acordar sempre cando sexa para avanzar e prosperar. Aí vai estar o Partido Socialista e eu confío en que ese cambio se vai producir e o vai liderar o Partido Socialista porque si somos capaces de construír un proxecto progresista novo e diferente do que está representando o Partido Popular.

**Que lle pode ofrecer o José Ramón Gómez Besteiro a Galicia?**

O que pretendo aportarlle a Galicia é que eu e o meu partido supoñan unha aposta de futuro para Galicia, unha aposta de futuro segura, unha aposta de futuro fiable, unha aposta de futuro que sexa conciliadora, que non furgue nas diferenzas, senón no que nos une. E sobre todo ofrecerlle unha aposta de futuro a Galicia sen complexos de ningún tipo, nin nacionalistas nin estatistas. Esa Galicia sen complexos é a que eu quero e espero aportar para Galicia.

**Cre que habrá un adiamento electoral?**

Eu creo que si, eu creo que ademais a situación de agora do Partido Popular é de certo nerviosismo, estase falando de amnistía e de cousas que ao final a moita xente nin lle importa. A maioría da xente, eu non escoito falar diso, cando os problemas reais de como chega a fin de mes, de como está a cesta da compra, de como conseguimos traballo, de se a xente moza se vai ou non se vai, de que expectativas de futuro hai. Ao final a xente fala do que realmente lle interesa, pero eu creo que si que vai haber un adiamento electoral porque o PP está nervioso e efectivamente o PP ve que o cambio non é algo que perciba só o Partido Socialista, senón que o ve aí e vai intentar loitar contra iso.

**almayo**  
muebles

*Detalles con encanto para decorar tu hogar esta Navidad.*

**RIBADEO:** Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 / Tel.: 636 761 883  
**BARREIROS:** Pol. Ind. Cruz do Lobo - Nave 10 / Tels.: 982 585 709 / 652 110 377  
**BURELA:** C/ Curros Enríquez, 12 / Tel.: 660 402 954

## A Confraría de Pescadores de Celeiro recibirá a Medalla de Ouro o día 16



O Concello de Viveiro entregará a medalla de Ouro da Moi Noble e Moi Leal Cidade de Viveiro á Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Celeiro o próximo sábado, 16 decembro.

A medalla entrégase polo centenario da confraría e o acto, aberto a todos os veciños e veciñas, será ás 12.00 horas no Teatro Pastor Díaz de Vi-

veiro.

“Tivemos en conta a grande importancia que esta institución tivo e continúa tendo na historia de Viveiro, atendendo á súa historia e traxectoria”, asegura o Concello, que destaca “o seu papel relevante na economía local e máis concretamente no sector pesqueiro, ademais da súa implicación social e cultural”.

## O PP critica a falta de Policía Local no servizo de noite

A voceira do Grupo Municipal do PP, Mariña Gueimunde, di que a xestión do Goberno local “nos está levando a unha deriva sen precedentes”. A popular fai esta valoración logo de que a alcaldesa recoñecese ao Pleno que non ten previsto restablecer a curto prazo a quenda de noite da Policía Local nin mellorar o servizo para garantir a seguridade cidadá.

Na actualidade o servizo conta tan só con 9 efectivos, logo da recente marcha dun compañeiro ao Concello de Lugo por mobilidade. Para a popular, “vese claramente que non só se desmantela o servizo de noite, senón tamén o diurno”.

Por este motivo, é polo que Gueimunde lle di á alcaldesa “que para o incremento de persoal pódese empregar a taxa de reposición que xeraron as recentes xubilacións de persoal funcionario do Concello. É cuestión de priorizar ou querer facelo, non serven excusas”, afirma. Neste senso, a popular lembra que se chegou a esta situación porque no Goberno anterior ó de Loureiro, tamén do PSOE, perdeuse precisamente esta taxa por non aprobarse

nos orzamentos as tres prazas que se prevían e que nunca se volveron a recuperar.

A voceira popular no Concello reclama a presenza dos axentes da Local polas noites: “Teñen que facerse visibles para disuadir aos que ás veces circulan a unha velocidade excesiva en moitos treitos do municipio, aos que ás veces axitan e amedrentan a outros cidadáns durante o ocio nocturno ou aos que molestan co ruído a altas horas”, conclúe.

**GRÚA.** O servizo de grúa municipal tampouco está a funcionar como debería. Na acta da sesión, recóllese como a rexedora afirma que a prestación presenta carencias por problemas de saúde dos traballadores da concesionaria. “Iso si, os veciños seguimos pagando os impostos correspondentes, pero se algún día precisamos entrar nos garaxes e non podemos polo estacionamento de vehículos diante dos vados, pois teremos que encomendarnos á sorte porque o Concello tampouco se preocupa por dar aos veciños este servizo”, critica a voceira do PP.

## Asinado un acordo para dotar á vila “de máis e mellores servizos”

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro García, asinaron un acordo a través do que a institución provincial destina 200.000 euros para que Concello de Viveiro ofrezca máis e mellores servizos públicos aos veciños e veciñas da cidade do Landro.

Tomé Roca subliñou que esta colaboración económica con Viveiro é unha nova mostra do compromiso “que temos na Deputación co Concello e cos seus veciños e veciñas”, e que, sumada a outros investimentos, como o realizado a través do Plan Único, reafirma o papel da institución provincial como “Concello dos Concellos”. Loureiro agradeceu o acordo á institución provincial e puxo en valor que a “Deputación de Lugo, coma sempre, mira polos veciños e veciñas de Viveiro, neste caso dunha maneira fundamental porque



nos permite axilizar e facer fronte desde o Concello á contratación de servizos públicos, de mantemento e de dinamización social, cultural e deportiva que son primordiais para o día a día no noso municipio”.

En concreto, os fondos servirán para a dinamización da estratexia turística de Viveiro, con accións como o reforzo da información e a potenciación das rutas turísticas. Tamén para a contratación de

concertos para as festas patronais e para o alugueiro de escenarios para as actuacións e eventos culturais e deportivos que de maneira recorrente acolle a localidade. Así mesmo, con esta axuda o Concello tamén sufragará os labores de mantemento de diversos servizos públicos, como é o caso do cemiterio municipal ou da praza de abastos, ademais da mellora do alumbeado público e do servizo de podas.

## Por Viveiro pídelle ao Goberno local que informe sobre a explanada da variante



Por Viveiro presentou un rogo para a reparación inmediata das fochancas da explanada da variante de Viveiro no Pleno de Goberno local, a través do seu portavoz, Bernardo Fraga Galdo. Así, desde a agrupación política indican que o pasado 17 de xullo de 2023 anunciábase que a coñecida como explanada da variante pasaba a ser titularidade municipal, logo de anos de enfrontamentos entre o Concello e Costas do Estado sobre a zona, o que suporía unha reparación inmediata da zona para que os veciños, despois de anos de espera, puideran ver a explanada

reparada e urbanizada correctamente.

Porén, critican que “se ben o lóxico sería pensar que o Concello tería un proxecto elaborado previamente para reparar a zona mediante acordo cos dous promotores dos edificios, que serán os encargados de sufragar a maioría das obras, resulta que iso non existía no momento de cesión dos terreos por parte de Costas. Pasaron xa 4 meses da cesión dos terreos, e salvo tapar as fochancas con grava, as cales por certo, volven a estar igual, nada se sabe do proxecto nin do acordo cos promotores”.

## Medio Rural planifica reunións semanais polas parroquias

A concellería de Medio Rural de Viveiro vén de planificar reunións semanais ao longo dos seguintes meses en todas as parroquias que conforman o concello.

A nacionalista e tenente de alcaldesa, Míriam Bermúdez, xunto co concelleiro de Medio Rural, Ramón Martínez Castro, acudirán cubrindo todas as parroquias de Viveiro. Para este mes de decembro a reunión terá lugar o mércores 13 en Faro, seguirá o luns 18 na antiga escola de Galdo e o mércores 20 na antiga escola de San Pedro, en todos os casos ás 19.30 horas.

Xa en xaneiro o luns 8 será en Landrove, o mércores 10 en Viveiro, o luns 15 en Celeiro na Casa do Forno, o mércores 17 no centro social de Covas e o luns 22 no salón multiúsos de Viveiro.

“Será unha forma de demostrar a importancia que ten para nós o Medio Rural e converter as parroquias nunha alternativa de vida e de calidade para a súa veciñanza”, indicaron.

Así pois, fan un chamamento a toda a veciñanza para que acuda ás mesmas coa finalidade de compartir as súas inquedanzas e intereses e “poder mellorar así o Concello pouco a pouco”.



# Viveiro implanta novos servizos para a mellora da recollida de residuos

O Concello presentou unha serie de novos servizos e utilidades na recollida de lixo e a limpeza viaria para facilitar á veciñanza unha correcta xestión dos residuos; mellorar a percepción xeral da contorna urbana nunha zona tan emblemática como é o casco histórico, e optimizar os servizos de recollida de lixo no rural.

Presentouse tamén a nova aplicación de incidencias, Viveiro Avisos, que pode ser descargada dende a Google Play Store para dispositivos Android. Nesta aplicación, tódolos cidadáns poden rexistrar incidencias observadas tanto no servizo de recollida de lixo (lixo sen recoller, colectores rotos) como de limpeza viaria (excrementos non recollido, pintadas, manchas).

**OFICINA.** A empresa concesionaria do servizo de limpeza puxo en marcha a oficina de atención cidadá, que estará situada na rúa Teodoro Quirós Nº7, pegada á oficina da Policía Local. Na oficina atenderase calquera reclamación, suxerencia ou observación que poida ter a veciñanza, ademais de anotar as recollidas domiciliarias de enseres e ofrecer a toda a información relativa ó servizo.

**ORGÁNICO.** Este servizo poñerose en marcha o 18 de decembro e para o seu desenvolvemento situarase na vía pública colectores marróns con apertura restrinxida mediante chave. A recollida do residuo realizarase 3 veces por semana e será depositado na planta de compostaxe recentemente posta en marcha en Cervo. A xestión de fracción orgánica no rural farase a través da compostaxe, para o cal o ano pasado xa se levou a cabo unha entrega de 300 composteiros, “e agardamos



durante o ano 2024 facer unha segunda entrega a todas aquelas persoas que estean interesadas”, afirma Míriam Bermúdez.

Finalmente, e coincidindo coa posta en marcha do servizo de recollida da fracción orgánica, poñerose en marcha o servizo de quita e pon de colectores no casco histórico.

Coa posta en marcha deste servizo eliminaranse os colectores na vía pública no ámbito do casco histórico, que provocan frecuentes problemas de sucidade e cheiros, substituíndose por un servizo de retirada e colocación diaria de colectores.

Este servizo consistirá na colocación diaria de colectores en 16 ubicacións do casco histórico, que coinciden coas localizacións actuais máis cinco novas.

Esta colocación realizarase de forma diaria a partir das 18.00 horas, estando os colectores dispoñibles para a súa utilización ata a mañá do día seguinte ás 06.00 horas.

**PUNTO LIMPO MOBIL.** O Concello informa de que o punto limpo móbil volverá a percorrer as parroquias do municipio. Neste vehículo, os veciños e veciñas poderán depositar distintos tipos de residuos que non se poden deixar nos contedores de

residuos habituais.

O punto limpo estará a partir do día 18 nas inmediacións da escola de San Andrés de Boimente.

Ao longo do ano seguinte, ata o mes de maio, visitará diferentes localizacións de Galdo, San Pedro, Valcarria, Chavín, Vieiro, Covas, Misericordia, Faro, Celeiro e Viveiro.

**ENSERES.** O Concello de Viveiro fai un chamamento aos seus veciños “para que usen o servizo municipal gratuito de recollida de aparellos”. Aquelas persoas que queiran desfacerse dun moble antigo ou outro tipo de obxectos só teñen que chamar ou enviar un Whatsapp ao número de teléfono 697 162 637 e o servizo municipal de limpeza recolle de forma gratuita.

“É unha tarefa de todos e todas manter limpo o noso concello, a veciñanza só ten que avisar para que recollan os seus aparellos”, asegura Míriam Bermúdez, tenente de alcaldesa de Viveiro.

Só desde o 15 de setembro, recolléronse 318 aparellos con aviso telefónico previo e 166 sen avisar (moitos deles en Galdo ou na Cabana, en Vieiro), o que reflicte a importancia de non tiralos no espazo público sen chamar ao servizo de limpeza municipal.

# Volve o tradicional Belén de Viveiro Ante o Berce



Viveiro xa inaugurou o belén a tamaño real Viveiro Ante o Berce e máis as luces de Nadal, dando así o disparo de saída a esta festividade na vila. A alcaldesa María Loureiro explica que “Viveiro foi un Concello pioneiro en acender o alumeado coincidindo coa ponte de decembro, coa intención de alongar a campaña de nadal e favorecer así ao comercio e ao sector servizos”.

A concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, sinala que este belén é “un referente a

nivel galego, e como tal atrae a moitísima xente de toda Galicia que vén a Viveiro para velo, contribuíndo así tamén á dinamización do sector servizos”.

No ano 2021 a Deputación premiou o proxecto Viveiro ante o Berce, nos premios ao turismo da provincia e o Concello obtivo un galardón na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense. Este Belén é unha iniciativa turística que se celebra na época de Nadal cun importante impacto no municipio pero tamén na provincia.



**V PREMIO VILAR PONTE.** O Concello de Viveiro entregou o V Premio de Novela Vilar Ponte a de Óscar Manuel Guzmán Álvarez pola súa obra *Pero... Como morren as pegas?*. Tamén resultou finalista *Letras azuis sobre formigón gris*, de María Cristina Rey Vázquez. O xurado do concurso estivo conformado polo historiador e cronista oficial da vila Carlos Nuevo Cal, o investigador e crítico literario Armando Requeixo Cuba e a xornalista cultural Montserrat Dopico González.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694  
629 817 933  
comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## Renovadas as árbores de Conde de Fontao e no Campo da Cabana



O Concello substituíu e renovou árbores na praza de Conde de Fontao e no Campo da Cabana. Procedeu-se á tala, retirada e desmontado daqueles exemplares que se atopaban en mal estado e a substitución por novas árbores. O concelleiro de Parques e Xardíns, Ángel Fernández Neira, explicou: "Preocúpanos a seguridade. Os aligustres de Conde de Fontao representaban un perigo porque en días de forte temporal non era infrecuente a caída de canas ou incluso de árbores completas, como pasou recentemente. Conservamos os magnolios, pero os aligustres, en bastante mal estado, substituíronse por prunus vermellos. Tamén se actuou no Campo da Cabana, onde as árbores secas ou con proble-

mas no contorna da fonte substituíronse por novos exemplares". O alcalde de Foz destaca o traballo feito: "Conde de Fontao gañou en iluminación e cando os prunus medren en tamaño vai a resultar un contraste moi bonito entre a folla vermella do prunus e a verde do magnolio". E engade "repuxemos as que se talaran en Xoán Montes co Goberno anterior e por iso imos seguir repoñendo durante estes meses as que secaron en distintos puntos do pobo. Na humanización entre Glorietta de Vilalba e Campo da Cabana vanse a plantar varios exemplares e tamén crearemos zonas de sombra no paseo recentemente construído entre Peizás e Pampilloso, que imos a recepcionar da Dirección Xeral de Costas".

## O Concello lanza unha canle de información

A Concellería de Relacións Institucionais, Comunicación e Axenda2030 presenta unha nova forma de conectar directamente cos veciños a través da canle de WhatsApp do Concello de Foz.

Esta aplicación de mensaxaría permitirá aos usuarios consultar as novas municipais de maneira inmediata dende os seus teléfonos móbiles para estar puntualmente informados do día a día municipal.

O concelleiro Carlos García valora moi positivamente o potencial da comunicación a través desta rede pola esixencia dos cidadáns de contar cunha información inmediata, nítida e puntual do seu municipio.

"Queremos contribuir á comunicación clara como técnica que asegura o dereito dos cidadáns a entender o que lles comunica a institución pública contribuíndo de forma directa aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)".

"A comunicación clara permite axudar a mellorar problemas de acceso á información pública xerando confianza cidadá na súa administración máis próxima, estimulará a redución das desigualdades porque establece que os documentos públicos e as páxinas web estarán redactados para que se poidan entender e usar sen dificultades así como promoverá reorientar os mensaxes con perspectiva de xénero".

Para acceder a esta función é necesario ter a versión actualizada do WhatsApp. As canles ofrecen una modalidade de comunicación unidireccional, o que significa que o Concello de Foz pode enviar mensaxes de información xeral.

Ao sumarse á nova canle municipal encontrarase un resumen das novidades municipais máis relevantes. Haberá material gráfico e audiovisual que se poderá visualizar garantíndose a cantidade razoable de envíos e o anonimato dos usuarios.

## O Nadal contará con actividades para todos os gustos e idades

O equipo de Goberno de Foz presentou a programación cultural de Nadal, "pensada para que desfruten dende os máis pequenos aos maiores. Dende a Delegación de Cultura traballou "para cubrir un amplo abano de posibilidades para que todo o Nadal de Foz guste a todos".

Así a programación inclúe teatro infantil o domingo 17 e o sábado 23 e para adultos o día 16, concertos de panxoliñas os días 16, 24 e 31, un festival infantil de música o sábado 23 e actividades para os máis pequenos. Do 26 ao 29 de decembro os nenos maiores de 2 anos poderán desfrutar dun Parque Infantil de Nadal na carpa instalada na Sala Bahía, con distintas e divertidas atraccións como unha ludoteca



xurásica, inchables, obradoiros ou un tren infantil.

Xa en xaneiro, os días 2, 3 e 4 contarase cun esvarador xigante no pavillón de Marzán dentro do Parque Infantil de Nadal. Por outra banda, o venres 24

Papá Noel achegarase ao Concello para recibir a todos os cativos e as súas cartas e peticións; e, por suposto, os Reis Magos percorreren as rúas de Foz desde a Rapadoira o 5 de xaneiro ás 18.30 horas.

## Aglomerada a estrada de acceso a Raúlfe, na parroquia de San Acisclo



O Goberno local levou a cabo en San Acisclo á mellora do firme da vía de acceso ao barrio de Raúlfe desde a estrada LU-152 (Foz - Ferreira). O alcalde, Fran Cajoto, explica que "os traballos realizados consistiron na limpeza de marxes e cunetas do camiño, a construción de dúas novas taxéas para a drenaxe das augas de chuvia e a mellora do firme da vía cunha nova capa de aglomerado en quente. A actuación completouse nos 620 metros de lonxitude do camiño, estando pendente de realizar o formigonado dun treito de 25 metros de cuneta e o pintado das marxes do mesmo e colocación de novas sinais de stop".

**CORDIDO.** Leváronse a cabo

traballos de mellora de camiños na parroquia de Cordido que contaron cun orzamento de algo máis de 18.500 euros, e consistiron na limpeza de marxes, cunetas e tubaxes, a renovación de firme e a mellora de sinalización.

O rexedor municipal explica que se "limparon as marxes de dous camiños que se melloraron na parroquia de Cordido. O vial que une a Fonte do Sixto coa estrada provincial a Moudice e aglomerouse en quente e mellorouse a sinalización con pintura en ambas marxes e sinais de stop. Tamén arranxaron o camiño que une o Barral coa mesma estrada provincial na Fabega, que se encontraba en moi mal estado; neste caso con aportación de pedra macadam e unha dobre rega asfáltica".

## A sede do PSOE en Foz sufriu un acto vandálico

A sede do PSOE en Foz sufriu un acto vandálico ao aparecer cunha pintada que di: "O mellor socialista é un socialista morto". Todos os grupos políticos condenaron estes actos. "Alentar ambientes de crispación e incitación ao odio son impropios dunha sociedade plural", sinalan dende o PSOE focego.

Xa no pasado agosto, o hotel propiedade da familia do ex alcalde socialista en Foz, José María García Rivera, amenceu cunha pintada co lema 'Que che vote Txapote', horas despois da constitución da Mesa do Congreso.

"Un covarde acto fascista. Presentámonos e resultamos elixidos para defender o noso pobo. Unha pintada dun inadaptable ameazando a nosa integridade física non nos vai amedrentar. Isto non representa a Foz", dixo o rexedor socialista focego, Fran Cajoto.

**PARTIDO POPULAR.** Os populares de Foz tamén lamentaron as pintadas ameazadoras na sede socialista e dixeron que "condenamos con rotundidade un feito que entendemos gravísimo e que atenta contra a liberdade de pensamento e o espírito democrático".

Así, envían o seu "maior apoio aos compañeiros do PSOE de Foz co desexo e a confianza de que as forzas e corpos de seguridade poidan dar cos responsables deste lamentable ataque".

## Aprobados os orzamentos do 2024 que ascenden a 10,4 millóns de euros

O Concello aprobou os orzamentos para o 2024, que ascenden a 10,4 millóns de euros nunha sesión plenaria na que tamén se falou da actualización de distintas taxas, impostos e prezos públicos.

A concelleira de Economía e Facenda e segunda tenente de alcalde, Inés López Couto, explica que “traemos unha actualización de distintas taxas, impostos e prezos públicos, que se completará en vindeiras sesións plenarias. Fomos capaces de conxelar a carga impositiva durante catro anos, anos nos que os veciños o estaban a pasar realmente mal por mor da crise da Covid. Ademais, cumprimos co programa electoral no referente ao imposto de plusvalía, que mantén o tipo impositivo actual pero que ten unha exención de entre o 50 e o 95% no caso de terreos asociados á vivenda habitual dos herdeiros”.

O alcalde, Fran Cajoto, di que “calculamos no arredor dos 800.000 euros ao ano o custo dos servizos que ten que pagar o Concello e que son competencia da Xunta, como o SAF, Escola Infantil da Galiña Azul, bedeis nos colexios, ou o pago por ocupación dos espazos portuarios”.



Os orzamentos inclúen partidas de investimento de 95.000 euros para adquirir unha nova varredora ou 110.000 euros para o arranxo do firme da avenida da Mariña.

**PP.** O portavoz popular di que “esta suba afecta a un montón de ordenanzas fiscais que, loxicamente, van incrementar os custos da vida aos veciños”. Así, trasladou a “total indignación” do PP polo “sablazo que queren perpetrar aos veciños nos orzamentos do 2024 porque queren subir 800.000 euros en ingresos

con respecto ao ano pasado. E iso directamente a cargo dos petos dos nosos veciños”. Castiñeira convida ao Goberno local a “gastar menos e administrar mellor” e, dende logo, “non subir os impostos aos veciños”. A estas críticas, a concelleira de Economía aclarou que “obviamente a comparación de 2014 con 2024 parece ridícula, xa sabemos que iso ao señor Castiñeira non lle importa, e debería lembrar que grazas ás súas xestións o Concello ten que asumir un servizo de residencia, que é responsabilidade da Xunta de Galicia”.

## A Uned en Foz acollerá tres novos cursos

A concelleira da Aula Universitaria da Uned en Foz, Elena Martínez Pena, e a coordinadora da mesma, Marta Muíña Rodríguez, presentaron a nova programación formativa para este mes de decembro, que inclúe tres cursos.

Así, contarán con francés básico que será os venres ata 22 de marzo de 17.00 a 19.30 horas; Muller falamos claro, do 11 ao



19 de decembro (luns e martes) de 18.00 a 20.30 horas; e un curso para opositores sobre noções fundamentais sobre a Constitución Española de 1978. Os interesados en máis información poden poñerse en contacto coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982 133 699, no WhatsApp 604 034 549 ou no correo electrónico [foz@lugo.uned.es](mailto:foz@lugo.uned.es).

## Rematou a demolición dos chalés da Areoura

Rematou a demolición dos chalés da Areoura, na parroquia de Cangas, construídos fai décadas. Esta foi a primeira fase e a segunda virá por parte do Ministerio e o Servizo de Costas “para conseguir converter esa finca con esas ruínas nunha área recreativa que sirva para uso e desfrute de todos”, dixo o alcalde focego, Fran Cajoto. O rexedor afirma que a demolición “foi unha gran noticia pois son moitos anos sufrindo o feísmo dunhas obras inacabadas, ademais cun risco evidente porque estaban en ruínas. Este cumprimento da sentenza por parte dos actuais propietarios vén a resolver un problema que tiñamos nesta praia, unha das máis

fermosas de Foz e que precisamente pola existencia deste feísmo ano tras ano nos concedían esa bandeira negra, unha mancha para ese areal tan espectacular como é o da Areoura”, manifesta o rexedor municipal focego.

Para o alcalde de Foz “é unha grandísima noticia, que ademais se vén a sumar a outra tamén moi boa nova para Cangas, como está a ser xa o proceso de expropiación para a construción desas dúas rotondas na estrada N-642. Son boas noticias para Cangas e para todo o concello de Foz porque é o primeiro paso de algo moi bonito que queremos construír no entorno dunha praia tan fermosa como é a da Areoura”.

## O PP critica o desconto de 60 céntimos no recibo da auga

O voceiro do PP, Javier Castiñeira, afirma que “a veciñanza recibiu unha carta na que o señor Cajoto e a concesionaria do servizo comunican que van a bonificar no próximo recibo uns 60 céntimos de euro”, engade “iso é o que se entende porque din que van compensar reducindo un 10% da cota fixa”, explicou.

A cota fixa que pagan os veciños de Foz é de 6 euros, polo que se reducen 60 céntimos. “Unha auténtica vergoña e un insulto á intelixencia de todos os focenses”, denuncia.

O voceiro popular di que “se pensan que con 60 céntimos van compensar todas as molestias que sufriron os veciños e empresarios están a faltar á intelixencia de todos”.

Se a finais de ano soben os impostos argumentando que subiron moito os prezos, á hora de bonificar fan absolutamente o contrario, “vanse aos mínimos posibles”. Hai veciños que tiveron máis de 700 euros de recibo de auga e 60 céntimos son uns poucos litros de auga.

“Non é que non compensen os custos de tanto tempo sen poder usar a auga e ter que mercala no supermercado durante máis de 50 días, se nón que é unha auténtica vergoña que o alcalde de Foz veña con estas contas” denunciou Castiñeira, ao que engadiu que “dende o Partido Popular seguiremos a denunciar os atracos que lle está a meter á cidadanía neste final de ano”.



## Ampla programación cultural para o derradeiro mes do ano

Burela acolle unha ampla programación cultural para o derradeiro mes do ano 2023 e que contará con actividades como teatro, talleres, música ou festas de Nadal. A programación, que xa comezou, continuará o venres 15 ás 18.00 horas co Día do Orgullo Mariñeiro na casa da cultura, e seguirá o sábado 16 coa actuación de Pakolas na praza da Mariña ás 18.00 horas.

O domingo 17 haberá un concerto de panxoliñas da man da coral polifónica de Burela ás 20.30 na casa da cultura, e o 20 un concerto na Escola de Música ás 20.00 horas. Tamén o día 20 na casa da cultura haberá unha actividade do Programa Pleamar.

O xoves 21 será a festa infantil de Nada, da Anpa do Ceip Vista Alegre, na carpa da praza da Mariña ás 17.20 horas e que está aberto a todos os nenos, e o sábado 23 poderase gozar dun concerto da Coral Polifónica ás 19.00 horas tamén na praza.

O venres 29 será a quenda do musical La Sirenita, ás 18.00 horas na casa da cultura, e xa por último o sábado 20 haberá un espectáculo de maxia ás 20.30 horas tamén na casa da cultura.

**POSTAIS.** Aberto o prazo de inscrición do concurso de postais Nadal 2023. Poderán participar tódolos nenos e nenas do Concello en ida-

de escolar, con postais de cartolina en tamaño 15x21cm pechada e 30x21cm aberta, de técnica libre. Haberá catro categorías con tres premios cada unha: educación infantil, primeiro ciclo de primaria, segundo ciclo de primaria, e terceiro ciclo de primaria.

Os traballos deberanse enviar ata o día 14 de decembro ás 20:00, sen asinar e acompañados dun sobre pechado no que figuren os datos do autor ou autora, teléfono, colexio, curso e idade. Entregaranse na Biblioteca Pública e serán expostos na Sala de Arte da Casa da Cultura dende o día 22 de decembro ata o 25 de xaneiro.

**POESÍA.** A Biblioteca organiza un concurso de poemas de Nadal que deberán estar redactados en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara escrito a ordenador ou con bolígrafo. Haberá tres categorías: ata 8 anos, de 9 a 11 anos, e de 12 a 16 anos. Cada unha contará cun lote de libros e un diploma como premio.

Cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexa, con cadansúa folla de datos cumprimentada.

Todo isto deberá ser entregado na propia biblioteca ata o día 22 de decembro. Os datos identificativos irán nas follas de datos, nunca no traballo presentado.

## O PP di que “o Concello cobra a taxa de terrazas a uns locais si e a outros non”

Os concelleiros do PP advirten que “a alcaldesa recoñeceu de forma táctica durante unha reunión con hostaleiros que o Concello está a cobrar a taxa de terrazas a uns locais hostaleiros si e a outros non” e, polo tanto, cren que “o Concello debería aplicar unha posible condonación das taxas das terrazas para todos os hostaleiros para tratar de minimizar o impacto económico negativo e evitar esta inxustiza”.

“Tamén recoñeceu a ilegalidade de certas terrazas na nosa vila. Esta situación debería ser regularizada mediante a ordenanza de terrazas para a que o goberno local está aínda a facer consultas”.

**SAF.** “O Goberno local bipartito aprobou o expediente do SAF a pesar das advertencias do Grupo Municipal Popular de que faltaba documentación obrigatoria tanto para a empresa como para o Concello”.

O PP aclara que “non se valoraba a necesidade do SAF, que é moi útil para os veciños. O que se valoraba é a idoneidade de que se lle prorrogara o contrato á actual empresa concesionaria. Pero, se non cumpre co que figura nos pregos técnicos como de obrigado cumprimento, malamente se lle pode prorrogar un servizo”.

## Vaise renovar o saneamento da rúa de Portelo e da zona de Ril

O Concello renovará con dúas obras os servizos e a accesibilidade da rúa Portelo e o saneamento e subministro de auga da zona do Ril. Esta última contará cunha nova estación de bombeo para solucionar os problemas medioambientais existentes.

A primeira obra, a da mellora da rúa Portelo, ten un importe de 34.506,30 euros. O concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey, destaca que “a rúa estaba bastante deteriorada, e agora pasará a contar con todas as beirarrúas renovadas e cunha mellora da accesibilidade”. Cambiaranse os servizos tanto de saneamento como de subministro de auga.

“Seguimos traballando para mellorar a accesibilidade e as beirarrúas da vila, somos conscientes de que é algo necesario para a veciñanza”, destaca Fernández Rey.

Respecto á estación de bombeo na zona do Ril, os traballos teñen un importe de 174.338,70 euros. “Trátase dunha obra de entidade considerable, que se encadra dentro da



mellora medioambiental que quere levar a cabo na vila”, apunta o concelleiro.

“A zona non tiña un saneamento axeitado, provocando problemas tanto medioambientais como para a veciñanza”, sinala Fernández Rey. “Vaise renovar toda a rede tanto de auga como de saneamento, e o bombeo servirá para levar os residuos a tratamento na EDAR”, explica.

Con esta obra o concelleiro pretende “solucionar un problema histórico da veciñanza da zona, cunha actuación que se foi atrasando debido ás dificultades técnicas para a colocación do bombeo, pois houbo que modificar o proxecto inicial”.

Fernández Rey sinala que para el “era un tema xa case persoal levar esta obra adiante, e por fin vai ser unha realidade”.

## ACIA Burela presentou a súa nova directiva



A Asociación de Comerciantes, Industria e Autónomos de Burela presentou a súa nova directiva trala asemblea de asociados celebrada o 21 de novembro. Pasados os dous anos de mandato da anterior xunta directiva a nova recolleu o relevo da anterior corporación.

Esta nova directiva conta con varias persoas con moita experiencia na asociación, xa que formaron parte de anteriores directivas e incluso como membros fundadores.

Está formada por: Eva Luaces, presidenta; Jorge Orosa, vicepresidente; Becky Hermida, tesoureira; Marta Baltar, secretaria; e Iago Pernas, Jose Antonio Cerezo, Dolores Hermida, e Isabel Castro,

como vogais. Segundo a presidenta, “temos moita ilusión nesta nova etapa. É un momento importante de apoio ao comercio e hostalaría local, ao consumo nas nosas vilas. Contamos cun equipo forte e unido, e traballaremos da mao con asociacións e entidades de Burela e da Mariña Lucense, para seguir sendo un punto de referencia na Provincia”.

Este grupo de empresarios e empresarias aportarán novas ideas, perspectivas e ilusións que farán emprender diferentes proxectos para impulsar e promover o comercio, a hostalaría e os servizos locais na vila. ACIA Burela comeza unha nova etapa para loitar polo futuro do sector na localidade e na comarca.

## O BNG pide a Unidade Asistencial de Drogodependencias sexa asumida polo Sergas

O BNG esíxelle á Xunta que cumpra o cronograma para que a Unidade Asistencial de Drogodependencias situada en Burela e que dá servizo a toda A Mariña sexa inserida no Sergas.

O tenente alcalde, Mario Pillado, referiuse á importancia deste servizo non só para Burela, senón para toda a comarca e considera “inasumible por parte dos concellos ter que afrontar o custo deste servizo, unha competencia a todas luces impropia, coma tantas outras que o PP desde a Xunta carga sobre os concellos, o que é moito máis grave neste caso tan sensible como necesario” afirmou.

En Galicia son 17, dos cales 14 dependen dos concellos sendo estes os que cargan coa obriga de dar un servizo que lles é impropio, e moito máis cando é un servizo tan sensible como unha UAD.

Así, desde o BNG presentaron unha emenda aos orzamentos da Xunta para que no 2024 este servizo sexa asumido polo Sergas: “A Xunta debe cumprir o seu propio cronograma que lle propuxo aos directores destes centros para que este servizo sexa inserido”.

# A Confraría, 100 anos xerando historia

En novembro de 1923 fundouse a Sociedad Pósito de Pescadores de Burela co fin de asociarse e conseguir melloras

As confrarías de pescadores xurdiron da necesidade dos traballadores do mar de asociarse para conseguir melloras nas súas condicións de traballo e de vida e desde os seus comezos ata os nosos días experimentaron multitude de cambios.

Coa Real Orde de 1918 pretendíase reorganizar as antigas organizacións de pescadores mediante unha axuda estatal e co amparo desta Orden fundouse a Sociedad Pósito de Pescadores de Burela o 18 de novembro de 1923.

Aquel 18 de novembro reuníronse na casa do mestre, Camilo Fernández, un total de 65 persoas ás que lles axudou coas xestións administrativas e convidaron aos pescadores presentes a inscribirse como socios. Burela no seu principio foi unha aldea formada por varios e pequenos barrios, en 1994 asinou o acordo de segregación co Concello de Cervo, e a súa frota pesqueira non chegaba a máis dunha vintena de embarcacións dunhas cinco toneladas, sen cuberta e nas que traballaban cinco ou seis tripulantes como máximo, polo que o sector pesqueiro tivo un notable papel no seu crecemento demográfico e económico. Por iso a Confraría de Pescadores tivo e ten un papel moi importante na historia desta vila mariñeira e ademais é unha das institucións máis veteranas.

Grazas á fundación deste colectivo contratouse o primeiro médico en Burela, construíronse vivendas de pescadores, fixéronse xestións para o que sería o futuro hospital, o centro de saúde e o Concello. E ademais, organizaban as festas patronais de Burela.

A primeira lonxa que tivo Burela era pequena e de madeira e nela vendíase moi pouco peixe pois a maio-



ría vendíase directamente no barco para conservas.

As confrarías son auténticos centros de documentación sen as que non se entendería o desenvolvemento social, económico e cultural de todos e cada un dos pobos que axudaron a construír. Todas estas levan anos re-

compilando material dun gran valor histórico e no caso da burelá, non ía ser menos.

Ao longo destes anos foi xerando documentación día a día para o correcto desempeño das súas funcións. Esta documentación foise acumulando nas oficinas e, a medida que

xa non se necesitaba con frecuencia, noutras dependencias que se usaron como local de depósito.

Na actualidade, o crecente volume de documentación puxo de manifesto a necesidade de crear un sistema de arquivo que permitise unha eficaz recuperación da información.

**HOXE EN DÍA.** A Confraría de Pescadores San Juan Bautista de Burela é unha corporación sen ánimo de lucro que actúa para e pola promoción do sector pesqueiro e representa os intereses económicos, sociais e corporativos dos profesionais do sector. O seu ámbito territorial comprende desde punta Rueta a punta Nois.

Na actualidade, o censo de socios da Confraría conta con 337 socios, 50 pertencentes á agrupación de empresarios e 287 á de traballadores.

Actualmente a Confraría conta cun edificio onde se atopan as oficinas e en cuxa planta baixa atópanse as cámaras de frío, tamén alberga a fábrica de xeo e silos de almacenamento así como diversas naves e departamentos para facilitar os quefaceres dos armadores de Burela e de barcos foráneos tanto no espigón norte, como no espigón sur.

A construción inicial da fábrica de xeo empezou grazas a unha concesión outorgada o 10 de outubro do ano 1968 polo Grupo de Portos de Lugo, hoxe en día Portos de Galicia. Posteriormente fóronse ampliando as instalacións e no ano 1991 ampliouse a superficie grazas a unha nova concesión e recentemente foi substituída a súa cuberta. A súa principal actividade é a subministración de xeo aos barcos.

**MEDALLA DE OURO.** A Confraría de Pescadores de Burela recibiu a Medalla de Honra do Concello de Burela nun acto que tivo como obxectivo recoñecer a contribución deste colectivo ao progreso da vila e o Patrón da Confraría, Basilio Otero, recolleu o distintivo de mans da alcaldesa de Burela.

**HONDA XL750 Transalp**

**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**TRANSALP**  
Las montañas te llaman.

Camión Real, 125. 27004 Lugo  
Telf: 982 21 57 31  
Móvil: 698 17 91 81

**MADERAS BARCIA**  
Compra y explotación forestal

Lg/ Outeiro, núm. 3- San Xurxo- 27751 LOURENZÁ (Lugo)

maderasbarcia1@gmail.com  
Tfños. 636 06 85 94 - 982 12 13 87

## Por Nuestro Faro pide que varias pezas do Faro Illa Pancha sexan declaradas BIC

A asociación de veciños Por Nuestro Faro vén de comunicarse co alcalde ribadense para pedir que as pezas arquitectónicas do Faro Illa Pancha sexan declaradas BIC, Ben de Interese Cultural.

Este colectivo ten amosado o seu interese nos últimos meses pola relevancia cultural e social de certos elementos presentes no edificio do vello faro de Illa Pancha. En efecto, a escaleira de caracol e o balcón circular da lanterna son pezas construídas nas Antigas Forxas Artesanais de Sargadelos, a finais do século XIX.

Por esta razón, “cremos que a súa contemplación e estudo non debera quedar restrinxido aos usuarios dos apartamentos turísticos. Este dereito dos veciños e visitantes foi eludido a través do procedemento que levou á privatización do faro e da Illa Pancha sen un estudo dos antecedentes históricos e culturais deste equipamento. Pensamos que ese dereito debe ser restituído para que quen desexe poida visitar estas pezas da arquitectura tradicional galega sen máis limitacións que as establecidas pola normativa vixente”, din dende o colectivo ribadense.

## Apaga acolle un curso sobre seguridade, prevención e roubos en vehículos

A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia organiza en Ribadeo un curso que abordará a seguridade, a prevención e o roubo de vehículos así como o roubo con forza en empresas. Terá lugar os días 16 e 17 de decembro nas instalacións de Apaga, en Vilar. A inscrición está aberta.

Contarán cun especialista que forma parte dos corpos de seguridade do Estado, e que vai impartir este tipo de temática. Terá unha duración de 16 horas, hai 15 prazas e a inscrición faise enviando un correo á dirección, que é [apagaribadeo@gmail.com](mailto:apagaribadeo@gmail.com), ou a través do teléfono 639 884 945.

Álvaro Doural, presidente de Apaga, engadiu que “ademais este mes estamos dedicándonos á planificación das accións europeas que vamos iniciar a partir do 1 de xaneiro e tamén temos previsto facer no primeiro mes do vindeiro ano outras actividades, posiblemente un curso de soldadura despois de Reis e algún outro tipo de iniciativa formativa que vai arrancar paralelamente coas accións de Erasmus”.

## Comezaron as obras de mellora do Hospital Asilo



Comezaron as obras de mellora do Hospital Asilo de Ribadeo tralo baleirado de material e equipamento destas últimas semanas. Estas obras suporán un investimento de 1.600.000 euros, dos que a Xunta achegará unha partida de 700.000 euros, e “que se irá incrementando paulatinamente”, dixo o rexedor.

O alcalde sinalou que “imos investir diñeiro público, polo tanto non é facer unha obra rápido e correndo.

Melloraremos esta instalación e tamén estivemos a informar durante todos estes meses aos grupos da oposición. Estiveron informados permanentemente dos pasos que iamos a dar: mellorar as infraestruturas, mellorar certas cousas que observamos entre todos que era conveniente facer unha actualización do propio hospital asilo, tamén elaboramos un plan de seguridade e propúxose unha dirección da obra”.

## Volve estar en marcha o banco de préstamo de material ortoprotésico



O Concello de Ribadeo informou que “puxo en marcha o banco de préstamo de material ortoprotésico para que as familias que o precisen poidan contar con camas manuais ou eléctricas, andadores, cadeiras de bañeira e de ducha ou guindastres”, segundo deron a coñecer o alcalde, Dani Vega, e a concelleira de Benestar Social, Elena Sierra.

O alcalde subliñou que “este banco de préstamo conta cun equipamento, cun material que axudará a moitas persoas que o necesitan. Camas manuais, camas eléctricas, andadores, cadeiras de bañeira, cadeiras de ducha, colchóns anti-tiescaras, guindastres e tamén varandas. Todos estes elementos cando hai unha persoa nunha

familia que necesita este equipamento ten un orzamento elevado. Esas familias que o precisan teñen que saber o Concello de Ribadeo está nesa colaboración e nesa axuda e que se poden dirixir á Concellería de Benestar Social e solicitar ese equipamento necesario”.

**BNG.** Os nacionalista criticaron as “mentiras, o oportunismo, as medias verdades e o pouco sentido da ética do actual equipo de Goberno respecto ao banco de préstamo de material ortoprotésico para as familias”. Así, din que a concelleira de Saúde e Servizos Sociais no mandato 2011-2015, Teresa González Piñeiroa, foi “quen puxo en marcha o servizo de préstamo de material ortoprotésico”.

## A antiga Casa de Teléfonos será a nova sede da Policía Local

A antiga Casa de Teléfonos será a nova sede da Policía Local de Ribadeo. Así o anunciou o alcalde, Dani Vega, que sinalou que “despois dunha análise profunda e de facer un estudo de detalle das instalacións municipais da Policía Local o goberno local acordou o seu traslado ao edificio da permuta polo, porcentaxe público que tiñamos na Torre dos Moreno, que é a antiga Casa de Teléfonos”.

Para Dani Vega “as velas eran unhas instalacións máis ben doutra

época, non hai nin baños axeitados, non hai vestiario, as paredes están cheas de humidades, non hai un espazo digno de atención á veciñanza e aos visitantes. Iso non é o que queremos para a nosa Policía Local nin tampouco queremos unhas instalacións certamente desastrosas para recibir a veciños e visitantes pola imaxe penosa que estamos a trasladar”. O alcalde explicou que “a decisión foi adoptada porque agora dunha vez por todas imos conseguir a permuta”.

## O Bloque Nacionalista lamenta que se dupliquen “innecesariamente os plenos”

O BNG lamenta que se dupliquen “innecesariamente os plenos mediante a realización de convocatorias extraordinarias que poderían ser integradas nun pleno ordinario, que xa vai con retraso”.

Os nacionalistas ribadenses din que “tivemos un pleno extraordinario que ben se podería ter integrado no pleno ordinario que tocaba facer a principios do mes de novembro, que xa leva dúas semanas de retraso, e que aínda está sen axendar”.

“Se é certo que urxía aprobar os puntos que conformaban a orde do día deste pleno extraordinario, por que non se deu convocado o ordinario que tocaba a principios deste mes? Retraso na convocato-

ria dos plenos, retraso no comezo das obras do Hospital Asilo... Non é de estrañar: cando se dedica máis tempo a especular, ou a difundir insinuacións sobre o anterior Goberno, despois bótasenos o tempo enriba e non damos preparado a convocatoria dos plenos ordinarios, ou temos que convocar á oposición de forma extraordinaria”, din dende o BNG.

Así, critican o modo de enterarse da convocatoria do pleno extraordinario “o noso grupo municipal soubo que ía haber pleno extraordinario lendo o xornal o día anterior”.

“O alcalde quere reduciros o tempo de intervención nos plenos, pero semella ter a intención de duplicar o número de plenos”, engadiron.

## Vanse substituír os cables de tracción do ascensor panorámico de Ribadeo

O Concello investirá 5.000 euros na substitución dos cables de tracción do ascensor panorámico de Ribadeo. O rexedor dixo que “non foi todo o rápido posible que queríamos, non caeu no abandono, fixémoslo desde un punto de vista técnico, que é como hai que facer as cousas. Encargamos un informe detallado que nos explica perfectamente os pasos a seguir. E a primeira inversión é esta de 5.000 euros, que nos di que hai que substituír os cables de tracción danados por uns novos”. O alcalde relata que “imos ter que

facer un saneamento da base da cabina incluíndo a substitución da perfilaría de apoio dos cristais, hai que substituír as dúas portas do piso, xa que está moi oxidadas, hai que cambiar a porta da cabina porque presenta importantes corrosións e hai que substituír os elementos mecánicos que forman parte de todo este elemento da cabina. Tamén di ese informe que hai que substituír a porta intermedia así como a bandexa decorativa da parte inferior da cabina, que tamén se atopa nun estado lamentable”.

## Pista de xeo, Ribaxogo e Mercado serán os alicientes do Nadal

A programación de Nadal de Ribadeo xa arrincou co acendido do alumeado e coa inauguración do Mercado do Nadal. Os festivais, que se desenvolverán en decembro, serán no Cantón. A pista de xeo e Ribaxogo estarán situados na avenida Rosalía de Castro e o Mercado do Nadal na contorna da praza de abastos.

O alcalde dixo que “con isto queremos dinamizar ao pobo desde un punto de vista social, cultural e tamén económico. É un Nadal cheo de actividades, da festa de pre fin de ano, na que imos comer as uvas xuntas; tamén todos os concertos que está organizando, ademais teremos o festival organizado pola Escola Municipal de Música o día 16 e o concerto da Banda Municipal Aquí como en Viena o día 29”.

O alcalde relatou que “vai haber actividades para nenos, para mozos, para todos os públicos: a pista de xeo, Ribaxogo, etc. É unha novidade desde o punto de vista da dinamización que estas actividades estarán repartidas por todo Ribadeo: os festivais, no Cantón; Ribaxogo e a



pista de xeo, en Rosalía de Castro; e o noso magnífico mercado tradicional de Nadal, situado na Praza de Abastos. Polo tanto queremos que sexa o mellor Nadal, que está moi ben organizado e planificado e ao que imos poñerlle o broche de ouro con esa magnífica Cabalgata de Reis”.

A concelleira de Comercio e Turismo, Marta Saiz, explicou que “durante o mes de decembro e ata pasar Reis contaremos con actuacións da Banda Municipal, concerto

de Reis, Son de Seu coa nosa Coral Polifónica de Ribadeo ou Emilio Rúa co coro Sagrado Corazón. Teremos cine, o festival Pica Pica para os máis pequeniños e tamén para eles o musical ‘La gran aventura de los Reyes Magos’. O último venres de ano será a festa pre fin de ano que organiza a asociación Catro Canos. Tamén haberá o festival de panxoliñas na igrexa parroquial, o coro Sagrado Corazón fará unha visita aos maiores no Centro de Día e na residencia.”.

## Ribadeo contará cun orzamento de 12,3 millóns

Ribadeo contará cun orzamento de 12,3 millóns de euros en 2024. O alcalde, Dani Vega, subliñou que “é o máis alto da historia do Concello ribadense e que son tamén os presupostos máis sociais”.

Vega explicou que “a inversión incrementase e chega a 1,7 millóns de euros, que son 600.000 euros máis que en 2023. Nas subvencións nominativas pasamos de 11.000 euros a preto de 15.000 euros para os colectivos que están a traballar coas persoas e incorporamos á Cruz Vermella”.

Daniel Vega subliñou que “para a licitación do SAF imos aprobar unha cantidade de 1,6 millóns de euros. Para o hospital asilo, onde estamos a realizar a reforma integral, tamén van 1,6 millóns de euros. E imos xa comprar os terreos para o centro de saúde por un valor de 250.000 euros. No centro de día neste momento estamos a investir 20.000 euros e imos

incrementar esa cantidade ata 50.000 euros máis no 2024. Nas actividades de Preto de Ti, que se están a realizar por todas as parroquias, a Xunta investirá 40.000 euros e nós achegaremos 10.000 euros. E á residencia de maiores destinamos 20.000 euros. Son 3,5 millóns de euros os que van destinados a benestar social”.

**BNG.** Os nacionalistas din que son uns orzamentos “faltos de rigor e esaxeradamente inflados. Inclúen inversións subvencionadas por convenios, inclúen tamén previsións de ingresos irrealizables no exercicio 2024. Polo que se refire a gastos sociais “hai unha clara redución de partidas. Así, en subministración para alimentos redúcese drasticamente a partida e no CIM diminúe ata un 50%. As actividades de animación social e a partida de mocidade para verán e Nadal tamén sofren importantes recortes”, engaden.

## Foron entregadas as primeiras cestiñas dos arrollos a catro familias

Foron entregadas as primeiras cestiñas dos arrollos a catro familias ribadenses. “Con elas queremos dar a benvida a todos os bebés que tiveron a gran sorte de nacer en Ribadeo”, sinalou o alcalde.

O rexedor tivo palabras de agradecemento para as familias que deciden iniciar o seu proxecto

de vida en Ribadeo “desde o Concello queremos agradecer a todas as familias que apostades por Ribadeo, que queredes establecer o voso proxecto de vida, o voso proxecto familiar aquí en Ribadeo. Desde o Concello, desde o cariño, con este pequeno agasallo queremos formar parte desta etapa tan

feliz e tan entrañable para vos e sen lugar a dúbidas para Ribadeo”.

E engadiu: “grazas á asociación Saúde Mental A Mariña por elaborar esta cestiña dos arrollos con tanto agarimo e con tanto mimo. Grazas a todos por facer máis grande a Ribadeo”.

## Celia Castro aborda a influencia da fotografía en pintores do XIX

A influencia que tivo a invención da fotografía noutras manifestacións artísticas, como é a pintura, centra o doutoramento que acaba de presentar a catedrática de Historia da Arte na Escola de Artes e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo Celia Castro Fernández na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo baixo o título ‘A influencia da fotografía nalgúns pintores do século XIX: O círculo de Federico Madrazo’.



## A CIT comezou a debullar os participantes na 44ª Festa da Troita

Os organizadores da 44ª Festa da Troita do Concello da Pontenova, declarada de Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, seguen informando das novidades da vindeira edición. Así, comunicaron que adxudicaron as Troitas de Ouro da Festa da Troita da Pontenova 2024 a Odile Rodríguez de la Fuente, pregoeira 2024; á Semana Internacional de la Trucha, Junta de Castilla y León; e a Roberto Fernández Rico, alcalde de Ribeira de Piquín.

Na mesma reunión acordaron a adxudicación das Pedras de Honra 2024 no Paseo da Pesca da Pontenova a Félix Rodríguez de la Fuente, Jara y Sedal de TVE e a Nacho Rojo, Movistar+.

**PARTICIPANTES.** Fai unhas semanas sinalaron a Odile Rodríguez de la Fuente, filla do divulgador ambientalista Félix Rodríguez de la Fuente, como a pregoeira, e tamén confirmaron a presenza e

participación no Concurso de Pesca do campión Pablo Castro Pinos, El Bombero. Castro xa gañara o Concurso de Pesca hai uns anos e ten no seu poder a Troita de Ouro da festa polo seu excelso palmarés como deportista.

O programa decano da caza e da pesca a nivel nacional, Jara y Sedal de TVE, tamén confirmou a súa presenza na Festa da Troita de 2024. "Sempre é un pracer recibir o fantástico equipo deste prestixioso programa que leva en antena máis de 30 anos", engaden dende a CIT.

Finisterre Fly Fishing de Suso Vilar e Tornos Rol de Jordi Oliveras, estarán tamén acompañados das súas firmas que doarán unha cana de bambú do artesán Suso Vilar e dous Tornos Rol de montaxe de moscas. A cana e os tornos sortearanse entre os pescadores que participen nos concursos de pesca e terá lugar no auditorio despois do xantar.

## A tirolina foi galardoada polo seu desenvolvemento no rural

A tirolina das minas e, polo tanto, o Concello da Pontenova, foron galardoadas na décimo cuarta edición dos Premios ao desenvolvemento rural na categoría de Turismo. O seu rexedor, Darío Campos, e Celtia Traviesas Méndez, promotora da iniciativa de Xesteco Consultoría, recibiron o galardón en nome da veciñanza.

Así nesta categoría de Turismo o premio recaeu na iniciativa pontenovesa de Xesteco Consultoría, e o conselleiro do Medio Rural, José González, destacou que "poñer en marcha actividades" como esta "é fundamental para dinamizar a economía rural".

"Hoxe gañamos o premio e recollémolo xuntos porque creo que, por riba de calquera dificultade, logramos unha colaboración público-privada exemplar en moitos sentidos", dixo Traviesas.

"Este premio non sería posible sen a aposta institucional, neste caso por parte do Concello da Pontenova e de Darío especialmente, por traer unha infraestrutura de turismo activo á Pontenova", sinalou Celtia, "non tería sido o éxito que foi



sen a ilusión e o apoio dos veciños, e pola parte da iniciativa empresarial". Ao que Traviesas engadiu "teño moito que agradecerlle aos compañeiros de traballo que fixeron e fan posible esta aventura e que tamén son amigos".

González, acompañado da directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, indicaron que estes galardóns son unha proba fidedigna da vontade por continuar evolucionando, con "máis

dun cento de galardóns outorgados" ás mellores iniciativas de desenvolvemento rural de Galicia ao longo dos anos que se levan celebrando estes premios. Ademais, puxo de relevo non só a cantidade de propostas presentadas, que superan o medio cento, senón tamén a calidade das mesmas, pois "cada unha delas amosa a importancia que ten para as galegas e galegos avanzar por e para o noso rural".

## Comezan as actividades de Nadal da Pontenova

A veciñanza da Pontenova gozará de diferentes actividades para este mes de decembro como música, festa e campamentos.

Así, no campamento de inglés ou Christmas Camp os cativos de 4 a 12 anos poderán gozar de tempo de ocio noutro idioma. Será os días 26 e 28 de decembro e 2 e 4 de xaneiro de 10.30 a 12.30 horas no local da CIT. As inscricións hai que facelas antes do 22. Tamén a CIT fará unha festa de aninovo.

Tamén a Escola Municipal de

Música da Pontenova prepara un concerto de Nadal para o vindeiro domingo 17. O evento será no auditorio da casa da cultura ás 20.30 horas.

Xa en xaneiro está previsto facer a Cabalgata de Reis o venres 5 e na que previsiblemente as Maxestades de Oriente se lance de novo por tirolina.

O Concello rematará a programación co seu tradicional Playback no auditorio municipal, e nela participarán os nenos e nenas do Concello, así como os adultos anotados.

**XVII Festa do Comercio de Ribadeo**

**6.000€** En premios polas túas compras do 1 de decembro ó 13 de xaneiro

Sorteo o 13 de xaneiro ás 20:30h. na carpa instalada no aparcamento da Avda. Rosalía de Castro

Organizada por RIBADEO, deone, RIBADEO, XUNTA DE GALICIA

## riotorto

### A comisión de festas de Órrea prepara unha programación para despedir o ano

A parroquia de Órrea, en Riotorto, despedirá o ano cunha programación pensada para todos os seus veciños. A comisión de festas é a encargada de organizar a cita para poñer punto e final ao 2023.

A programación comezará o vindeiro sábado 30. Neste día haberá unha gran verbena e unha chocolatada a partir das 23.00 horas.

O cantante Dani Pardo e a súa música serán os encargados de amenizar a noite. O domingo 31 haberá misa solemne e tamén sesión vermú da man de Dani Pardo.

**XANTAR.** O día 20 de decembro, mércores, o Concello de Riotorto organiza unha comi-

da de Nadal especialmente dirixida a todos aqueles que participan nas actividades dos centros sociais.

O menú consta de empanadillas, callos, costela con patacas fritas e sobremesa, ademais de café. O prezo desta comida é de 25 euros por persoa e terá lugar no centro sociocultural de Riotorto servida polo mesón O Sarredo a partir das 14.30 horas.

Os interesados en inscribirse poden facelo nos propios centros sociais ou no Concello antes do 17 de decembro. Terán preferencia as persoas inscritas nas actividades dos centros veciñais.

A xornada contará coa actuación do dúo Estrellas.

### A Quenlla dedica a Avelino Díaz o seu novo disco

O grupo musical A Quenlla presentou o seu novo disco, co que pretende achegarse á figura do poeta Avelino Díaz, natural de Riotorto e vinculado a Meira.

Avelino Díaz foi un emigrante e exiliado político claramente posicionado contra a ditadura franquista. No seu exilio en Boas Aires (1920) cultivou a lingua, dignificou a cultura... e construíu País na distancia e na intensa señardade.

O 31 de xaneiro de 2014 foi refundada a Asociación Cultural Avelino Díaz, con sede en Meira pero na que se integran case corenta entidades de toda índole das comarcas da propia Meira e da Terra de Miranda. O seu obxectivo: promover a investigación e a divulgación da súa vida e da súa obra.

Agora A Quenlla ofrece este proxecto que vén representar algo así como unha pousa na carreira de fondo para recuperar a Avelino.



## O Concello convoca un certame de poesía infantil sobre Nadal

O Concello convoca un certame de poesía infantil sobre Nadal para nenos de entre 8 a 16 anos. Os traballos deberán estar escritos en galego cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara; con cada traballo acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor. Habrá tres categorías: ata 8 anos, de 9 a 11 anos, de 12 a 16 anos. Os traballos poden entregarse na biblioteca da Casa da Cultura ata o 18 de decembro e o fallo do xurado farase público en xaneiro de 2024. Os premiados na fase local participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura.

**CONCILIA.** O Concello organiza para este Nadal unha nova edición do programa Cervo Concilia, que dará comezo o venres 22 de de-



cembro e rematará o 5 de xaneiro, incluído. Este programa, que vai dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, componse dun completo calendario de actividades educativas e lúdicas pensadas para entreter ás crianzas nestas datas de lecer, sen deixar de lado a aprendizaxe e incidindo especialmente no

concepto da conciliación das familias. Estenderase durante as vacacións de nadal, finalizando o venres 7 de xaneiro. O horario será de 8.30 horas ata as 14.30 horas. As inscricións poñeranse a disposición das familias na casa da cultura de San Cibrao e na Casa do Concello e o prazo para anotarse remata o 15 de decembro.

**CALENDARIO.** Tamén presentaron o seu tradicional calendario de Nadal que irá chegando nestas semanas a cada un dos fogares cervenses. Nesta ocasión, o almanaque está protagonizado polas asociacións culturais e polos colectivos de mulleres do municipio "cuxa actividade é absolutamente esencial no día a día do municipio", precisou a rexedora, que cederon cadansúa instantánea para ilustrar mes a mes este almanaque tan especial.

## O Callo Fest será o día 29 e contará con catro actuacións

A Asociación Amigos da Troula anunciou o cartel da quinta edición do Callo Fest, que terá lugar na praza dos Campos de San Cibrao o venres 29 de decembro, e que contará con Abaixo Cu Sistema e Deleiba como principais atractivos musicais.

Este ano contará baixo a carpa con catro actuacións de rock, metal e punk rock, que rematarán a noite cun DJ que pinchará diferentes estilos musicais.

O principal reclamo musical da cita será a banda portuguesa Abaixo Cu Sistema, tributo a System of a Down; o grupo Deleiba que chega desde Muros, a banda de hardcore, Madame Rachel, formada por cinco lucenses e Calle del Ruido, que achegan o seu rock pontevedrés. O DJ local



Conxuro porá o broche final á noite, con música de todos os estilos.

Ao chegar ás 0.00 horas farase un breve silencio para dar comezo ás tradicionais badaladas de fin de ano, para as que a organización repartirá cotillón e uvas da sorte e así dar, dese xeito, a entrada ao 2024.

## Os primeiros resultados da planta de biorresiduos son "excelentes"

Os resultados das caracterizacións correspondentes á primeira entrega de materia orgánica procedente do Concello de Cervo na planta de biorresiduos de Sogama en Cuiña, evidencian unha calidade extraordinaria ao contabilizar un 98,21% de elementos propios (residuos de carácter orgánico) e tan só un 1,79% de impropios (algunha bolsa plástica e algunha botella de vidro).

As mostraxes realizadas avalan o traballo previo de *contenerización*, dotación de medios e lóxística despregado polo ente local, así coma o propio de información, formación e concienciación social desenvolvido no termo municipal co fin de que os veciños utilicen axeitadamente o contedor marrón e leven a cabo unha correcta selección da materia orgánica en orixe.

Cabe lembrar que Cervo foi o primeiro concello que entregou os seus biorresiduos na planta de compostaxe, dando mostrax dunha gran fortaleza na recollida diferenciada da materia orgánica e o seu absoluto compromiso co cumprimento da lexislación vixente, xa que a normativa europea obriga aos municipios a instaurar este tipo de recollida antes do 31 de decembro do ano en curso.

## A casa da cultura acolle a mostra fotográfica 'Azores Somexida'

A casa da cultura acolle durante ata o 8 de xaneiro a impresionante mostra fotográfica de Anxo Cao, Azores Somexida.

Esta obra está composta por 22 instantáneas cuidadosamente seleccionadas por este biólogo e fotógrafo, veciño do noso Concello. Os asistentes poderán coñecer o fondo desta exposición concibida nas illas Azores, froito de moitos meses de traballo no mar.



## En marcha un punto de recarga para vehículos eléctricos

Púxose en marcha un punto de recarga para vehículos eléctricos instalado na contorna do Centro Cívico, concretamente no aparcadoiro lateral do salón de actos.

Para a instalación deste punto de recarga abriuse por parte do Concello un concurso ao cal só se presentou a empresa Cargacoche S.L. Dentro deste concurso a empresa realizou unha serie de propostas de mellora como foron a instalación dun único poste de recarga de 100 Kv con dous conectores e que os usuarios poden recargar gratuitamente neste punto os seus vehículos eléctricos durante tres meses contados a partir do 13 de novembro.

Por parte do Concello concedeuse á empresa a concesión demanial de uso privativo de espazos de dominio público para a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos no termo municipal.

Pola súa parte, a empresa comprométese a aboar ao Concello de Xove como canon da concesión e de acordo coa oferta presentada o 11% da facturación dos puntos de recarga.

## Aberto o prazo para solicitar árbores froiteiras, forestais e plantas ornamentais



O Goberno local informou de que segue aberto o prazo para solicitar árbores froiteiras, árbores forestais autóctonas e plantas ornamentais.

O prazo para solicitalas estará aberto ata o 29 de decembro e en horario de oficina no Departamento de Agricultura.

Xove, como Concello con moita superficie a solo forestal, ten unha afectación maior que outros Concellos e, por este motivo,

“amparándonos na Lei 7/2012 de Montes e a Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia para que o risco no caso de lumes sexa mínimo e se atopen máis protexidas as vivendas e os núcleos rurais, moitas parcelas se ven afectadas. Deste xeito damos a oportunidade a todo propietario que teña que cortar poida solicitar árbores autóctonas para repoboar de xeito económico e próximo”.

## O Concello ofrece un obradoiro de ioga

O Concello de Xove organiza varios obradoiros de ioga que están destinados a todo tipo de persoas pois teñen diferentes categorías: familias, infantil ou de respiración. A actividade infantil será o 16 de novembro ás 17.00 horas, e está destinado a nenos a partir de 6 anos, e o obradoiro de respiración será o mesmo día ás 19.00 horas. O ioga para familias, con nenos de máis de 4 anos, será o 13 de xaneiro ás 17.00 horas. Todas serán impartidas na casa do Director.

As persoas interesadas poden chamar ao 982 592 001 ou achegarse polas oficinas do Concello. Tamén contan con ioga para persoas con enfermidades crónicas e persoas cuidadoras de dependentes, malia que estes xa comezaron poden anotarse nas oficinas do Concello.

**PISCINA.** A Escola Municipal de Natación de Xove abre a inscrición para os cursos do primeiro semestre do ano 2024, de xaneiro a xuño.

Esta inscrición para alumnos censados en Xove deberá facerse entre os días 4 e 5 de decembro en horario de 9.30 a 13.30 horas na aula Multideportiva Municipal, situada fronte á Residencia da 3ª Idade. A de alumnos de fóra de Xove será do 11 ao 12 de 9.30 a 13.30 horas no mesmo lugar. Para calquera dúbida ou información será necesario chamar ao teléfono 609 134 320.

**IMPACTO XUVENIL.** A nova asociación de Xove Impacto Xovenil, que representa a un grupo de participación xuvenil da mocidade da vila, organiza para o sábado 23 de decembro unha tarde de xogos de mesa.

Esta cita será de 16.30 a 19.30 horas no centro xuvenil e ademais haberá agasallo e sorpresas.

Para máis información ou anotarse será necesario chamar ao 982 571 816.

## O PSOE pide melloras nas parroquias e no saneamento

Os socialistas de Xove, por medio da súa concelleira Rogelia Mariña, presentaron unha serie de emendas de orzamentos “respecto do noso concello á Xunta de Galicia, xa que cremos que tanto se prometeu e promete, e hai carencias notables que non se cumpren por máis que se repitan”. Estas emendas son “por e para que Xove medre, dende o grupo socialista presentámolas co afán de que se teñan en conta e non queden nun caixón esquecidas, como outras tantas”, comunicaron.

“De feito a Xunta leva o mesmo tempo sen gastar un céntimo en Xove, será porque o noso alcalde non considera que exista ningunha deficiencia nin urxencia. Hai servizos e arranxos que son esenciais e que se deben ter en conta”, sinala Mariña.

Unha das emendas foi o saneamento, máis en concreto o das parroquias de Xuances e Portocelo para eliminar os verquidos ás praias de Esteiro e Portocelo. “Xa que moito presumir de bandeiras azuis pero o saneamento das nosas parroquias é fundamental, e traería moitísimos aspectos positivos con elo”, indican dende o PSOE.

Outras das emendas é “facer un estudo e mellorar tanto o abastecemento como a calidade da auga de Xove”. Lembremos que Xove foi un



dos concellos que restrinxiu o consumo de auga pola súa escaseza. Ademais en canto chove un pouquiño sae barro polas billas”, sinalan.

A terceira emenda “é a de contemplar o da vía de alta capacidade dende o porto de Morás-Xove co polígono de Camba co enlace coa vía de alta capacidade da Mariña e tamén con Alcoa”, di Rogelia Mariña, “sería un punto moi positivo á hora de que Alcoa permanecera máis anos, que é o que queremos todos, facilitarlle ás cousas e ao mesmo tempo, facilitarlle ao pobo de Xove prosperidade e desenvolvemento industrial e económico”.

## A veciñanza volverá a desfrutar da súa Papanoelada moteira



A veciñanza do Valadouro volverá a desfrutar un ano máis da súa Papanoelada moteira, organizada polo Motoclub Val D'Ouro, e que percorrerá as rúas do Concello ata chegar á praza de Santa María. Esta tradicional xuntanza de afeccionados ao motor será o domingo día 24 de decembro e comezará a media mañá para percorrer as rúas do Val ata chegar á praza. Acto seguido

será a recepción oficial de Papá Noel con todos os nenos e nenas do Val.

Desde o Motoclub Val D'Ouro convidan a participar na Papanoelada vestidos coa indumentaria vermella para percorrer as rúas da vila.

Se a climatoloxía non fose a desexada, os actos trasladaríanse ao salón de actos da casa da cultura do Concello do Valadouro.

## o valadouro

### O Seminario de Estudos conta cun novo caderno sobre a emigración en Cuba

O Seminario de Estudos do Valadouro ou SEVA, publicou o seu caderno número 13 baixo o título *Textos e contextos da emigración do Valadouro en Cuba* de Prudencio Viveiro Mogo.

Este caderno da visibilidade aos emigrantes do Valadouro en Cuba e é unha panorámica xeral da emigración que xunta unha colección de textos fundamentais para documentar a presenza dos valadoureses na Habana.

Tamén recentemente presentaron o caderno número 10, *Flores de primavera do Valadouro*, da man de Pedro Rollo Chaves.

Os Cadernos son pequenas publicacións sobre prehistoria, lendas, Pardo de Cela, a apicultura ou calquera aspecto que teña que ver co val.

Os concellos de Alfoz e o Valadouro, a través das Delegacións de Cultura, colaboran nestas propostas culturais, e sempre agradecendo a implicación do SEVA no seu labor de poñer en valor e dar a coñecer a gran riqueza cultural, histórica e patrimonial do Val.

# O Nadal xovense contará con moitas actividades e concursos

O alcalde, Demetrio Salgueiro, e a concelleira de cultura, Dolores Meitín, presentaron o amplísimo programa de actividades programados polo Concello para este Nadal.

Así, a programación dará comezo o día 20 cunha festa 'Un Nadal de cores' con polvos holy e que será ás 18.00 no pavillón de Deportes. O xoves 21 no salón de actos do centro cívico haberá unha obra de teatro a cargo de Aspanane, que se repetirá o martes 26.

O venres 22 ás 17.00 horas no pavillón haberá unha festa infantil e unha chocolatada, e acto seguido Papá Noel visitará a residencia San Bartolomeu. Tamén ás 20.30 horas celebrarase a IV Gala do emprendemento local que será ás 20.30 horas no salón de actos do centro cívico.

Xa o sábado 23 de 16.30 a 19.30 horas no centro xuvenil farase un Torneo de Nadal de xogos de mesa, o mércores 27 será o tradicional Concerto de Nadal a cargo da Escola de Música e a Orquestra Clásica de Xove.

O xoves 28 ás 19.00 horas será a quenda do teatro familiar 'Años Luz' a cargo de Luz, micro y punto, e o venres 29 de decembro ás 21.30 horas farase o XI Concurso de Karaoke ao que haberá que inscribirse para participar antes do 28 na oficina do técnico de cultura, e o sábado 30 poderase desfrutar dun concerto de corda do Conservatorio de Viveiro ás 18.00 horas.

O domingo 31 ás 11.00 horas os pequenos poderán despedir o ano cunha festa infantil no pavillón.

Xa en xaneiro, o mércores 3 ás 18.00 horas haberá un espectáculo infantil no pavillón, e o día 4, será a celebra-



ción do Día da Infancia con xogos acuáticos na piscina e inchables no pavillón.

Por último a Cabalgata de Reis será ás 19.00 horas do 5 de xaneiro polas rúas do Concello. Ademais os Reis Magos visitarán a Residencia San Bartolo e estarán no centro cívico para falar e sacarse fotos cos cativos. Xa pola tarde unha discoteca poñerá o punto e final a unha programación do máis variado.

Por outra banda, a semana Lecer Braco será do 26 ao 29 de decembro en horario de 9.30 a 13.30 horas e está organizada pola Anpa Pedro Caselles Rollán. Conta con prazas limitadas e está dirixido a nenos de 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.

**ESCAPARATES.** Os establecementos de Xove contan un ano máis co Concurso de Escaparates de Nadal co obxectivo de potenciar a imaxe dos establecementos comerciais a través dos seus escaparates durante as fes-

tas de Nadal.

Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais do municipio. Os interesados en participar neste concurso deberán realizar a súa inscrición co formulario nas oficinas do Concello como data límite o 9 de decembro.

A folia de inscrición deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Xove, presencialmente ou en liña, ata o 12 de decembro de 2023 ás 14.00 horas. No suposto de que unha empresa teña varios establecementos, poderá presentar tantas Follas de Inscrición como escaparates opten ao concurso.

Os escaparates deberán estar preparados antes das 00.00 do día 12 de decembro de 2023 e deberán enviar unha única fotografía do escaparate ao seguinte enderezo [aedl@xove.es](mailto:aedl@xove.es). Os establecementos participantes terán total liberdade en canto á técnica e ao estilo e haberá dous premios, un será do xurado e outro de popularidade en Facebook.

## Alumnos do Ceip Pedro Caselles axudaron na limpeza na praia de Lago



Alumnos de 5º e 6º de Primaria do Ceip Pedro Caselles Rollán desprazáronse, xunto coas súas titoras, ata praia de Lago onde se dedicaron a recoller os restos do navío encallado hai uns días na praia.

Alí recolleron os restos máis pequenos e sinxelos, os meteron en sacos e os depositaron fóra do areal co fin de levalos ao punto limpo. Con posterioridade, varios

operarios municipais e de Urbaser procederon a retirar os restos máis grandes e soterrados da embarcación.

Dende o Concello quixeron agradecerlle a todos os alumnos e titores o traballo realizado nesta xornada práctica "que serviu como lección educativa da importancia de coidar o noso medioambiente", sinalaron.

## O BNG crea unha enquisa para a elaboración do orzamento

O BNG de Xove vén de facer pública a súa intención de que a veciñanza participe de forma activa, con suxerencias, no debate da elaboración do orzamento para o ano 2024. Esta campaña bota a andar coa difusión de códigos QR por diferentes espazos do concello que levará aos veciños a un formulario online totalmente anónimo no que se recollerán as súas inquedanzas.

**CÓDIGO QR.** A voceira, Pilar Vázquez, afirma que "é unha prioridade de facer da toma de decisións, algo común a toda a veciñanza, independentemente de que nos votaran ou non. Creemos que resulta transcendental preguntar directamente á xente en que consideran que hai que priorizar no gasto xa que se leva moito tempo obviando as principais peticións da veciñanza".



## O PP critica o uso do aparcadoiro diante do centro de saúde



O voceiro popular en Barreiros, José Manuel Gómez Puente, explica que nas proximidades do centro médico hai un solar que se emprega como aparcadoiro público “pese a que dende o Concello de Barreiros defenden que é dun propietario privado”.

A realidade é que este solar emprégase como aparcadoiro dende hai moitos anos e “pese a que o goberno local defende que é dun propietario privado a realidade é que o Concello realiza diferentes traballos de mantemento”. Tamén sofren problemas para es-tacionar os veciños das vivendas sociais. Nesta zona é preciso pintar as prazas para aparcar “para garantir o correcto aproveitamento do espazo dada a escaseza de prazas para aparcar”.

**ALUMEADO PÚBLICO.** Os veciños da rúa Sarxéndrez e próximas sufrían os problemas de non contar co alumeado público en funcionamento, e tamén se da esta circunstancia na rúa que vai dende a N-643 ata as vivendas sociais, na zona na que están o centro médico e o centro socio-cultural.

**DEPURADORA.** Gómez Puente visitou as instalacións e din que “segue sen haber porta principal e no seu lugar colocaron un palé ao que agora se engade que o valado exterior está completamente roto. Unha infraestrutura que é prioritaria e imprescindible e debe estar protexida por seguridade xa que hai fosos e tomas eléctricas”, explicou.

## A alcaldesa traslada á Xunta a petición de colaboración no abastecemento e saneamento

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, vén de dirixir un escrito ao vicepresidente da Xunta recollendo as declaracións realizadas polo mesmo na clausura da Asemblea Xeral da FEGAMP, onde manifestou a disposición da Xunta de Galicia para a colaboración cos concellos.

A alcaldesa manifesta que “esta carta é unha chamada á súa boa vontade para facelo coñecedor dunha demanda coa que o Concello de Barreiros leva anos e que lle foi xa trasladada en varias ocasións á conselleira de infraestruturas (a última delas hai poucas semanas mediante un escrito) e tamén neste verán ao propio presidente da Xunta, sen que, ata este momento, obtivéramos resposta algunha.” Ana Ermida explícalle a situación

dos servizos básicos en Barreiros, “fundamentalmente vinculados a un desenvolvemento non planificado que se levou a cabo sen o correcto sobredimensionamento dos servizos existentes para acoller a poboación flotante que soporta este concello en determinadas épocas do ano.”

Co fin de poder explicarlle máis pormenorizadamente a situación, así como obter resposta sobre posibles vías de colaboración do goberno da Xunta co goberno municipal en aras de mellorar os servizos que se prestan á veciñanza de Barreiros, a rexedora solicítalle unha xuntanza na que poidan participar as persoas responsables destes servizos no municipio para afondar nas actuacións de mellora que se poidan levar a cabo.

## Volven os clásicos concursos e as actividades de Nadal

Barreiros presenta un ano máis unha variada programación de Nadal para que a veciñanza poida gozar de distintas actividades.

Así, tralo Mercado de Nadal celebrado o domingo 10 na praza do Concello, cunha obra de teatro o sábado 16 a cargo do grupo Ardora de Cervo, e o domingo 17 poderase desfrutar do documental ‘Ronsel de futuro’ organizado polo colectivo Ollomao. Continuará o venres 22 cunha actividade de conciliación para os pequenos no que farán obradoiros de Nadal, e xa o día 24 será a recepción de Papá Noel no centro social. O Apalpador tamén visitará a vila, gracias ao colectivo Ollomao, e haberá un concerto do Coro de Barreiros o 6 de xaneiro.

O venres 5 de xaneiro os Reis Magos visitarán ás parroquias do concello e despois será a súa recepción no centro social.

Por outra banda, os pequenos do concello poderán visitar Xuvenlugo nunha data aínda por confirmar. Tamén haberá tempo para o deporte na xornada do domingo 7 de xaneiro, na que se poderá desfrutar da Carreira e andaina solidaria de Reis pola mañá.

**CONCURSOS.** A biblioteca do Concello de Barreiros convoca un ano máis os clásicos certames de Nadal, o de debuxo e o de poesía, ambos



son certames infantís. O de debuxo infantil será para nenos de entre 3 e 5 anos, e os traballos deben realizarse en tamaño A4 e con calquera técnica.

O de poesía contará con tres categorías, A de ata 8 anos, B de 9 a 11 e C de 12 a 16 anos. Os poemas deberán estar escritos en galego e a extensión será dun folio por unha soa cara.

Os traballos de ambos concursos deben presentarse nos colexios do Concello ou na biblioteca e o prazo de presentación é ata o 22 de decembro.

**CALENDARIO.** O Concello de Barreiros quere agasallar á veciñanza co seu calendario anual para o que busca a colaboración veciñal. Este almanaque estará a disposición dos

veciños nas oficinas municipais unha vez impreso.

Así, a temática deste ano será sobre as vivencias escolares polo que piden axuda aos veciños para recopilar estas fotografías. “Fará lembrar eses momentos pasados mes a mes axudando a evitar que as lembranzas se perdan na memoria esquecida”, din dende o Concello.

Aquelas persoas que queiran compartir as súas fotografías poden poñerse en contacto con Concello polas redes sociais ou nas oficinas municipais.

No 2021 o calendario estivo dedicado ao 25 aniversario dos tradicionais Xigantes e Cabezudos, polo que estes foron os protagonistas xunto con moitas imaxes do Entroido barreirense.

## O xornalista Martín Fernández agasallou á Biblioteca cos seus libros

A Biblioteca Pública de Barreiros recibiu ao xornalista galego, Martín Fernández Vizoso, natural de Cangas de Foz, e que agasallou ao municipio con exemplares dos seus libros, ‘A Mariña en Cuba’ e ‘Memoria de Mariñáns’.

Nestes libros, Fernández Vizoso, fai un repaso de tódalas sociedades e centros de emigrantes da Mariña en Cuba. Conta as historias de persoas emprendedoras, valentes e comprometidas coa súa terra e a súa xente. Recupera a gran historia da historia ignorada evitando que estas persoas caian no tan común esquecemento.

Os exemplares xa están á disposición na Biblioteca de Barreiros e dende o Concello animan a “consultalos posto que neles podeades atopar información so-



bre as cinco sociedades de emigrantes de Barreiros creadas en Cuba: o Centro de Benquerencia, a sociedade Hijos de Benquerencia, Hijos de San Miguel y Reinante, Hijos de Cabarcos e Hijos de la villa de Barreiros”. “Coñeceredes o que foi o asociacionismo galego en Cuba e

atoparedes información doutras sociedades da Mariña pertencentes aos concellos da comarca”.

Marín Fernández Vizoso estudou Filosofía e Letras e ciencias da Información nas universidades de Santiago de Compostela e Madrid.

alfoz

## Alfoz recibe a súa terceira Bandeira Verde consecutiva

Fallouse un ano máis a concesión da bandeira verde de Galicia e nesta ocasión o Concello de Alfoz acadou a súa terceira bandeira consecutiva. Así recoñécese o seu esforzo e a súa implicación, así como dos seus veciños, na protección dos elementos máis representativos da Comunidade galega: a paisaxe e o patrimonio natural.

O Concello de Alfoz presentou un total de 31 accións nos catro ámbitos de actuación, acadando a puntuación necesaria para todas elas o que fixo que lle concederan un ano máis da Bandeira Verde.

O devandito recoñecemento, creado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, estaba aberto a todos os concellos de Galicia



que desenvolveran actividades relacionadas coa ordenación territorial, a protección do medio ambiente, o cambio climático, a eficiencia enerxética, a xestión responsable dos residuos, así como accións de sensibilización e comunicación para concienciar aos veciños da importancia de actuar e avanzar nestes eidos.

Deste xeito, distínguese ás entidades locais máis dinámicas neste eido, desenvolvendo boas prácticas para o coidado da súa contorna, o respecto á paisaxe, a redución das súas emisións de CO2, o fomento da correcta xestión do lixo, a adopción de medidas para garantir a integridade e limpeza de espazos de interese, a posta en valor de monumentos naturais ou a redución do consumo enerxético.

Con estes galardóns, ponse en valor a rica e extensa diversidade paisaxística de Galicia e de apuntalar a idea de Galicia verde.

## Escolares gañan o concurso contra a violencia de xénero

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade fallou os premios de creación gráfica e audiovisual do concurso convocado polo 25-N, Día internacional contra a violencia de xénero. Así, na modalidade audiovisual un grupo de 3º da ESO do IES Alfoz-Valadouro conseguiu o segundo posto coa súa creación *Sumemos contra a violencia de xénero*.

O xurado estivo integrado por representantes da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista. Recoñeceu a calidade técnica e creativa das propostas da presente convocatoria e tivo en conta na súa valoración a transmisión dunha mensaxe clara de rexeitamento fronte á violencia de xénero.

## A programación cultural de Nadal comeza cun concerto

No mes de decembro comezou a programación da delegación de Cultura de Alfoz. Así, o día 17 e no salón de actos ás 19.00 horas poderase desfrutar do espectáculo de música e teatro para todos os públicos 'Zona en Obras' con Brais das Hortas e, ao rematar, farase a entrega dos premios do XXI Concurso de postais de Nadal, no que ademais dos 3 premiados nas categorías de Educación Infantil, 1º ciclo de Educación Primaria e 2º ciclo de Educación Primaria do CEIP Castro de Ouro. Todos os participantes recibirán un diploma e un agasallo polas súas obras.

Rematará o mes de decembro con dúas tardes de festa para os nenos e nenas, de 17.30 horas a 20.30 horas no pavillón municipal os días 29 e 30 de decembro: inchables, pintacas, música, xogos... e moitas sorpresas divertidas.

Todas as actividades son de balde e de entrada libre, coma sempre, e non é precisa inscrición previa en ningún caso.

**PESCA CON MOSCA.** O 23 de decembro ás 10.00 horas a Asociación de Pescadores de Amigos do Ouro prepara unha xornada de iniciación á pesca con mosca impartida por Julio Seijas.

Esta cita, que será na casa da cultura de Alfoz, contará con parte teórica e práctica e para participar e necesario inscribirse, de balde, chamando ao 652 838 013 ou 667 983 373.

Os contidos explicarán como identificar os insectos acuáticos e terrestres dos que se alimentan as troitas, haberá unha iniciación ao montaxe de moscas con ferramentas e materiais e tamén explicarán o lance con cola de rata.

lourenzá

## O Ceip Juan Rey organiza a súa festa de 50 aniversario

O Ceip Juan Rey de Lourenzá, na localidade natal de Francisco Fernández del Riego, prepara para o vindeiro domingo 17 de decembro un xantar polo seu 50 aniversario. Ademais, haberá unha exposición de fotos deses 50 anos e unha actuación musical.

Esta cita será no Multiúsos Ponte de Cuñas ás 14.30 horas e como menú poderase degustar mexillóns ao vapor, pescada en salsa

de marisco, solombo de porco con cogomelos, pan, sobremesa, café, viño, cervexa, auga, refrescos e licores, e todo elo por un prezo de 35 euros adultos e 17,50 para os cativos ata 9 anos.

Así, convidan a todas as persoas que traballasen alí, aínda que non sexan directamente do corpo docente, porque a idea é reunir o maior grupo posible de persoas vinculadas ao centro de ensino.

## O día 16 será a entrega de premios do V Certame de teatro

O xurado do V Certame de Teatro Concello de Lourenzá deu a coñecer os nominados nas distintas categorías de premios. Os premiados en cada categoría coñeceranse na gala que se celebrará o sábado 16 de decembro ás 20.00 horas no Multiúsos. Para o premio Conde Santo á mellor representación os elixidos son: Arte, de Hipócrata Teatro; Pan con chocolate, de Ollomao; e Os veciños do lado, de Fauna 113.

En canto ao premio Lourenzo ao mellor actor: Carlos Reboló, Juan José Villarino e Pablo Rodríguez. Para o premio Ana á mellor actriz: Noelia do Correo Vello, Iris Darriba e Bea

Gea. En canto ao premio ao mellor actor de reparto: Juan de Culán, Xabi Prieto e Rolando Sánchez. Para o premio á mellor actriz de reparto: Merche Gallas, Pepa Peña, Monchi Pose, Tere Blanco e María Castaña, Olga Janeiro e Lucía Cougil.

En canto ao premio á mellor posta en escena: Moito ruído e poucas noces, de Teatro Carauta; Os veciños do lado, de Fauna 113; e Unha voda insospeitada, de Coles Teatro.

E para o premio especial do público: Pan con chocolate, de Ollomao; O Randiña, de O Torques; e Moito ruído e poucas noces, de Teatro Carauta.



**NADAL.** Na praza do Conde Santo acaba de ser instalada unha nova Vila de Nadal elaborada artesanalmente, que conta con máis escenas e figuras que a do ano pasado. Ao peche de esta edición o Concello non facilitou máis información relativa ao Belén nin as actividades de Nadal.



## o vicedo

## Rematadas varias obras de mellora na contorna a pesar das críticas

O alcalde do Vicedo, Jesús Novo, comunicou que se remataron varias obras de mellora na contorna municipal.

Dentro de todos estes traballos enmárcase a renovación da cuberta do Punto de Atención á Infancia e a mellora do alumeadado e o illamento do pavillón polideportivo mediante a colocación de novas fiestras. Tamén se repararon chapas da cuberta do pavillón pois os fortes ventos das últimas semanas provocaron goteiras.

Así mesmo “substituíronse os farois solares do aparcadoiro Alegrín, no Fuciño do Porco, cun orzamento de 48.500 euros”, dixo o rexedor local, Jesús Novo. E tamén se colocaron cubre colectores de madeira para soste os contedores e evitar que se movan.

No relativo ao saneamento, o rexedor local informou que “xa está reparada a tubaxe no lugar de Baltar que provocou que houbera problemas coa auga”.



**PSOE.** Dende o grupo municipal socialista do Vicedo veñen de criticar que o alcalde “promova as obras cando non están ben rematadas”.

Os socialistas sinalan que o pavillón precisa un arranxo integral, “pois ten deficiencias importantes”, e con respecto ás luces no Fuciño do Porco salientan “que

hai lugares nos que viven veciños, como no Covelo, no Vicedo, no que día si e día tamén non funciona o alumeadado público”. No relativo ao problema da auga no lugar da Corva e Baltar din que “segue a haber cortes estes días, ademais de que a auga servida está tremendamente sucia. Non valería, dende logo, para consumir”.

## O Concello do Vicedo programa varias actividades para este mes de decembro

O Concello está a programar varias actividades para este mes de decembro para que os máis pequenos da vila teñan un tempo de ocio durante o Nadal.

Así, o día 15 os pequenos farán unha videoconferencia con Papá Noel desde a Aula Cemit ás 12.00 horas, o 16 de decembro ás 17.00 horas celebrarase o festival folclórico de Os do 21, na casa da cultura. Xa o venres 29 haberá un espectáculo de divulgación científica ‘Astrolabios’, dirixido a nenos e nenas e é gratuito. E o día 30 de decembro será a visita a Xuvenilugo, situado nas instalacións do Pazo de Feiras e exposicións de Lugo, para desfrutar das atraccións e diversións cos seus compañeiros. Por outra banda, Papá Noel visitará o Punto de Atención á Infancia, pero posiblemente sexa o día 22 pola mañá.

**ORDENADORES.** A aula tecnolóxica, instalada na casa da cultura, xa conta con novos equipos para o uso dos seus usuarios. Esta aula ofrece durante o curso diversos cursos gratuítos para a poboación como mecanografía, programación, ofimática ou busca de información.

## A veciñanza das Negradas arranxará o tellado do local



A Deputación asinou con Andrés José Couce Baño, presidente da asociación veciñal O San Miguel, das Negradas, no Vicedo, un convenio de colaboración co que a institución provincial aporta preto de 5.000 euros para arranxar o tellado e renovar o mobiliario do local social do colectivo na parroquia.

A cuberta do inmoible ten danos e fisuras, polo que pasa a auga, o que imposibilita que cando chove se poidan realizar actividades no interior. Os fondos que aporta a Deputación servirán tamén para adquirir unha impresora e unha neveira, equipamento necesario para a actividade do colectivo veciñal.

Desta forma, a institución provincial contribúe co seu apoio económico ao mantemento da sede

da asociación e a potenciala como un lugar de encontro e actividade das 66 familias que residen ou teñen vivenda nesta parroquia vicedense. O local atópase situado no lugar de Mosteiro, nas Negradas, e foi construído polo colectivo no ano 1990.

Esta asociación cumpre un labor social de moita importancia na parroquia, brindando a posibilidade de relacionarse aos veciños e veciñas de diferentes núcleos, ademais de ser un centro de reunión e confraternidade.

Esta colaboración co colectivo veciñal O San Miguel responde ao compromiso que mantén a Deputación de apoiar ao tecido social da provincia para mellorar e ampliar servizos, co obxectivo de favorecer así a calidade de vida da veciñanza.

## A alcaldesa de Trabada di que o orzamento 2024 reflexa “unhas contas realistas”



O Concello aprobou en Pleno os seus orzamentos municipais para o ano 2024, lixeiramente superiores aos 1.730.000 euros e dos que destinará o 60% a políticas sociais e investimentos reais. “Unhas contas axustadas á nosa realidade e que cumpren coa estabilidade orzamentaria”, explica a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

En concreto, a terceira parte dos orzamentos destinarase a políticas sociais, como o Servizo de Axuda no Fogar “ou o financiamento, da man da Deputación, do centro de atención aos maiores, ao que o concello destina 70.000 euros ao ano”, afirma García Bermúdez. As contas saíron adiante co único voto a

favor do grupo de goberno socialista.

Por outra parte, “continuamos cunha contención nos gastos correntes en bens e servizos que nos permite adicar o 25% dos orzamentos a investimentos reais para arranxar inmoibles municipais, renovar a rede de estradas e mellorar as nosas dotacións públicas, como os parques infantís e as instalacións deportivas”.

García Bermúdez apunta que “só temos 87.000 euros de débeda, similar á de calqueira familia, despois de anos de moito esforzo para solucionar a situación herdada do goberno anterior hai nove anos” e adianta que os orzamentos “entrarán en vigor o 1 de xaneiro”.

## O novo programa de terapia ocupacional comezará o día 12



O Concello de Trabada anuncia que a partir da segunda semana de decembro dará comezo unha nova edición do programa municipal de terapia ocupacional.

“No pasado curso 2022-2023, un total de 65 persoas participaron nesta actividade, as sesións producen melloras a nivel funcional e na calidade de vida das persoas maiores participantes”, explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez. A actividade comezará a partir do día 12 de decembro, martes. Haberá seis grupos cunha sesión semanal cada un nunha parro-

quia diferente. As clases serán de martes a xoves en horario de tarde, algunhas ás 16.00 horas e outras ás 18.00 horas.

**CALENDARIO.** O primeiro grupo desenvolverase os martes ás 16.00 no centro cívico de Vidal. O segundo, os martes ás 18.00 no teleclub de Sante. O terceiro, os mércores ás 16.00 no centro cívico de Valboa. O cuarto, o mércores ás 18.00 na casa da cultura de Trabada. O quinto, os xoves ás 16.00 no centro cívico de Vilapena, e o sexto, os xoves ás 18.00 na escola de Abres.

# “Temos pensado realizar catro eventos anuais con actividades”

Ana Moreira é parte da directiva da recente asociación Veiguello

## Cando e como nace Veiguello?

Nace a proposta miña e do meu compañeiro Miguel de Lira, cando ambos comezamos a relaxar o noso traballo noutras asociacións. Eu en Olloboi, con quen organiciei durante 13 anos o festival de cine escolar máis transcendente de Galicia, premiado pola Asociación de Xestores Culturais e a propia Axencia Galega do Audiovisual. Miguel en Canle de Lira, con quen montou nos últimos 10 anos un festival popular de gran popularidade, o Festórreo.

## Por que ese nome tan curioso?

Porque a sé da asociación está na casa de meus avós, nun lugar na veiga do río da Vilapena á altura de Vilaformán.

## Con que motivación xorde?

Coa de colaborar humilde pero honestamente con aquelas persoas que teñen un compromiso ético coa súa terra e cultura. Sabemos que o interior lugués non ten o nervio da costa, nomeadamente da atlántica, onde se formou a nosa conciencia cultural. Trabada é un concello que padeceu un enorme éxodo rural, un concello esquecido polas administracións nacionais e galegas a nivel de infraestruturas e de coidado do territorio e patrimonio. Cando limos na prensa que a nova corporación local, da man da súa alcaldesa, estaba a loitar para que non se pechase o colexio de Trabada, deseñando a un tempo políticas de emprego e fixación de poboación, sentimos que era momento de arrimar o ombro e

axudar.

## Que obxectivos ten?

Pois naceu co fin de promover a creación e divulgación de iniciativas de tipo cultural, ecoloxista ou social no lugar de Vilaformán, e por extensión nas parroquias próximas, con quen se establecería a oportuna cooperación. Queremos poñer en valor a actividade cultural, ecolóxica, económica e social desenvolvida no rural, establecendo redes cooperativas con outras asociacións e profesionais.

## Como crearán estas redes?

Pois promoveremos que creadores galegos de diversos campos como son o cine, a ilustración, a banda deseñada, a literatura, ou as artes escénicas, entre outros, mostren e mesmo creen obra no concello de Trabada. Tamén que investigadores difundan o seu traballo en Trabada. Gustaríanos achegar a cultura de vangarda ao rural.

## Isto fará máis atractivo o Concello para o asentamento poboacional?

Si, probablemente. Queremos recuperar e fixar poboación nas parroquias facendo un chamamento de volta ó rural. E fomentar o coñecemento e a posta en marcha de iniciativas produtivas do rural, especialmente as vencelladas á economía circular.

## Quen conforma Veiguello?

A xunta directiva está formada por min xunto a Ángeles e María José Prieto, naturais de Trabada. Pouco a pouco estamos explicando o proxec-

to a veciños e veciñas do concello e imos, con contagotas, medrando pouco a pouco.

## Teñen apoio institucional ou dalgunha entidade?

Do concello de Trabada por agora. Estamos a piques de presentar o proxecto a Deputación, GDR e Consellería de Cultura. Somos cautas, pero optimistas con respecto a incrementar eses apoios.

## E doutras asociacións e colectivos?

Un dos nosos obxectivos é sumarnos ás redes asociacionistas que existen. A nivel cultural, estamos xa colaborando con Fanto Fantini, de Burela, Gaita Filmes, de Meira e Biblioteca Maravilhas de Lourenzá. A través de Patricia, de O Ferrado Marelo, pensamos contactar con cooperati-

“Colaboramos humilde pero honestamente con aquelas persoas que teñen un compromiso ético coa súa terra e cultura”

vas como EoAlimenta, que agrupa a produtoras agroalimentarias de produción primaria local, así como con Mano Panforreiteiro, con quen compartimos a perspectiva coa que organizou este verán as xorna-



das sobre Cambio Climático.

## Comezaron coas actividades?

Temos pensado realizar catro eventos anuais, ofrecendo neles actividades vencelladas a tres aspectos chave: creación, saúde/medioambiente, comunidade. Comezamos este mesmo setembro co Camiño de outono, onde houbo o I Encontro Ilustrabada de caderno rural da man de Cristian Caruncho, o recente premio Castelao de Banda Deseñada. Convidamos ó alumnado do CEIP Celso Currás, o colexio de Trabada.

## Que lle piden ao Goberno local?

Que siga tan aberto e colaborativo como o foi ata agora: a escoita activa é un pilar esencial de traballo. Demostrada esta boa disposición, é evidente que a colaboración económica posibilitará que se desenvolvan actividades de máis calado e alcance na asociación.

## Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?

De xeito inminente, traballaremos na dixitalización de álbums familia-

res, dando comezo a unha base de datos de fotos que agardamos ampliar ó longo dos vindeiros anos. A seguinte celebración é o “Encuentro\_Eos”, unha residencia artística para dez persoas que traballarán nunha curta documental. Estarán guiados por dous cineastas de prestixio.

## Estas iniciativas teñen ou terán boa aceptación entre os veciños?

Cada unha das celebracións que proxectamos ten unha parte na que se os interpela directamente: dirixirán obradoiros, amosarán fotos, actuarán en curtametraxes, farán comidas... Non concibimos unha asociación que opere á marxe da veciñanza e, ó mesmo tempo, sabemos que ese é o máximo reto, sobre todo nun concello coa pirámide de poboación tan invertida. Vivimos nunha sociedade cada vez máis individualista e agoniada, a nivel global. Agardamos que o traballo a pé de leira, desde a humildade, contribúa a evitar a desconfianza e atraer simpatías.

## O Picato ultima os preparativos para a tradicional Cabalgata de Reis

A asociación O Picato de Trabada xa comezou cos preparativos para as celebracións do Nadal, unha das súas responsabilidades anuais.

Nesta ocasión están a preparar a tradicional Cabalgata de Reis, que será o venres día 5 de xaneiro e na que a partir das 17.00 horas o salón de actos da casa da cultura encherase de ilusión e sorrisos e nesta tarde haberá unha actuación de Contos de Nadal a cargo de Cris de Caldas. Máis tarde o Reis Magos repartirán chupetadas aos máis pequenos e recollerán as cartas e logo todos os asistentes pode-



rán saborear unha chocolatada.

**ASEMBLEA.** Así mesmo, comunican que o día 13 de xaneiro

será a asemblea anual da asociación e que poderán acudir todos os socios que así o desexen.

## O Concello organiza un campamento para o Nadal

O Concello organiza un campamento infantil durante as datas de Nadal e que será dende o martes 26 de decembro ata o venres 5 de xaneiro, coa finalidade de contribuir e facer máis doada a conciliación da vida familiar e laboral.

A programación será polas mañás, en horario de 10 a 14 horas, e comezará o 26 co obradoiro de manualidades ‘Adornos do Nadal’, o 27 será o de ‘Carta aos Reis Magos’, o xoves 28 será a quenda de ‘Bola especial de Nadal’, o día 29 haberá cine de Nadal con ‘Navidad en la graja’ e unha festa de Fin de ano. Xa en xaneiro o martes 2 volverán os obradoiros co de cociña ‘Brocheta navideña’, o mércores 3 o de

‘Casiñas de refugallo de Nadal’, o xoves 4 farase a actividade interxeracional cos maiores ‘Xogos de Nadal’, e o venres 5 haberá un contacontos infantil e actividades. Todos los días agás o venres 29 de decembro haberá a maiores xogos variados para todos os participantes.

Para participar será necesario ter entre 3 e 12 anos e facer a previa inscrición nas oficinas municipais dende o 11 ata o 20 decembro. A alcaldesa destaca a importancia deste campamento, coa finalidade de unha vez máis, de “contribuír a conciliar a vida familiar e laboral así como achegar a os veciños do noso Concello unha oferta cultural”.

## ourol

## Éditase 'A imaxinería nos cemiterios de Oourol: dous canteiros' grazas a unha achega

O presidente da Deputación e o alcalde de Oourol asinaron un convenio de colaboración para a edición do libro 'A imaxinería nos cemiterios de Oourol: dous canteiros', que ten por obxectivo dar a coñecer e poñer en valor o patrimonio indiano para impulsar o turismo cultural no concello e no conxunto da Mariña.

A institución provincial achega case 4.000 euros para a edición desta publicación que recupera o traballo de dous grandes canteiros na zona da Mariña Occidental: Xaquín de Gato e Francisco Veiga máis coñecido como Pena de Miñotos. O libro consta de 25 capítulos, que percorren a época de maior auge destes dous artistas desde a elaboración de cruceiros na que destaca a influencia dos Carboeira ata a explosión iconográfica dos cemiterios de Oourol, Merille e Xerdiz, considerado este último o cemiterio indiano máis importante da Mariña. Nas súas páxinas tamén se reflicte o desenvolvemento da economía ou as relacións sociais.

## O concello accede a fibra óptica co despregamento de Adamo



Oourol estrea, por fin, a súa rede de fibra óptica. En concreto, 600 familias accederán a Internet de alta velocidade no concello lucense nos próximos meses. Será de forma progresiva e da man da empresa Adamo, que acaba de conectar a 162 delas. A chegada desta tecnoloxía resulta vital, debido a que se trata do único municipio da comarca da Mariña que o Banco de España considerou en risco de despoboamento no seu informe de 2021 respecto diso.

**SEN COLEXIO DESDE 2015.** Con iso, Oourol agárrase aos tempos e segue

batallando fronte a ese temido fenómeno que provoca que leve case un século perdendo habitantes, que pechase as portas do seu único centro educativo en 2015 e que pasase a ter 7 edís no canto de 9 no principio do ano por baixar de 1.000 veciños.

Consciente, o alcalde, José Luis Pajón, ademais de celebrar o aceso da fibra óptica, está a impulsar o desenvolvemento da infraestrutura tanto concedendo os permisos pertinentes con axilidade como facilitando en todo momento o labor dos técnicos.

## Máis dunha vintena de propostas para este Nadal



Mondoñedo pon en marcha un ano máis a súa programación para o Nadal, que contempla máis dunha vintena de propostas. As actividades que xa comezaron seguirán durante todo o mes.

O xoves 21 de decembro terá lugar o Concerto de Nadal da Escola Municipal de Música O Pallarego de Mondoñedo. Pola súa parte, os máis cativos poderán aprender xogos populares o venres 22 ás 17.30 horas na Praza de Abastos. Nesta mesma data, Son da Corda ofrece o concerto na Casa Deles ás 20.00 horas.

O 23 de decembro é a quenda da Papanoelada Moteira do Motoclue Ruta N-634. A actividade comezará ás 16.00 horas na praza da Catedral, e contará con inchables e chocolatada. Nesta xornada, tamén se inaugura o Belén da Catedral de Mondoñedo con pregón, actuación musical, toque de campás e bendición do bispo. O día de noiteboa, as familias teñen unha cita na casa da Xuventude coa peza teatral 'A viaxe feliz

de Ramón San Fiz' que Fantocges Baj e o día 26 a Catedral acolle o concerto Panxoliñas no Camiño da man da da Asociación Sendeiríña a partir das 20.30 horas.

O sábado 30 o Apalpador coñecerá a todos os cativos, comezando a súa visita na praza do Concello ás 17.30 horas. Xa o último día do ano, a partir das 00.30. horas a veciñanza poderá gozar do Baile de Noitevella no Círculo Recreativo Casino de Mondoñedo. E xa o 2 de xaneiro haberá un concerto de Aninovo da man do organista Joaquín Perdomo Moreau na Catedral da Asunción. O mércores 3, o Mago Roberto Lolo achega o seu espectáculo Magic Reel á praza de Abastos e o día 5 a partir das 10.00 horas os Reis Magos visitarán as parroquias e ás 18.00 horas será a cabalgata dende a Alameda dos Remedios. As súas maxestades percorreren as rúas de Mondoñedo ata chegar ao Auditorio Municipal para recibiri aos nenos e nenas con agasallos.

## vegadeo

## O municipio acolle varias actividades para este mes de decembro 2023

O Concello de Vegadeo acolle os vindeiros 27 e 28 de decembro o XX Open de Axedrez Rápido de Vegadeo.

Así, polo Nadal volve este clásico torneo de sistema suízo de 7 roldas e de axedrez rápido de 15 minutos e 5 segundo de incremento por movemento.

Haberá premios de 300 euros para o gañador, 240 para o segundo clasificado e 140 para o terceiro. Tamén levarán premio o mellor xogador local, o de máis de 50 anos e o de menos de 18 anos.

O formulario de inscrición xa está dispoñible e tan só se poden anotar 41 xogadores.

**FESTAS.** A Comisión de festas de Vegadeo está a preparar a vindeira festa de Nadal que será o venres 22 de decembro no recinto feiral a partir das 23.00 horas. Xa comunicaron que contarán coa orquestra París de Noia e o exitoso DJ Alejandro Martínez. Para esta cita festiva adoitan ter



aforo limitado polo que compre reservar a entrada que ten un prezo de 8 euros anticipada e 10 en taquilla. Pódense mercar na Parrilla Mario de Vegadeo, Aseoría Ventanova de Valdeparees e o Restaurante El Hórreo.

**MOSTRA.** Vegadeo acollerá, na súa casa de cultura, Miras 2022, a XVIII Mostra da Asociación Profesional de Fotoxornalistas Asturianos, APFA, ata o 15 de decembro. A mostra de fotoperiodismo asturiano poderase visitar na sala de exposicións Luis Fega da casa de

cultura da Veiga, de 15.00 a 21.00 horas en días laborables

**VIAXE.** A Concellería de Igualdade e Benestar social de Vegadeo organiza unha viaxe a Villaviciosa para coñecer a ruta dos beléns. Esta cita será o domingo 17 de decembro e a participación está aberta a toda a poboación. A saída farase ás 10.00 horas dende a estación de autobuses e volverase ás 20.00 horas.

O prezo da viaxe, de 30 euros por persoa, inclúe tamén o xantar no restaurante La Xana. Para máis información haberá que poñerse en contacto co Concello chamando ao teléfono 982 634 022.

**CINE.** O ciclo trimestral da Cinemateca Ambulante despídese en Vegadeo, o vindeiro mércores día 13 de decembro, coa proxección da película 'En lo alto. Como de costume, esta cita co cinema terá lugar no auditorio Félix Menéndez, a partir das 20.00 horas.

## As XXIII Xornadas de Arqueoloxía serán do 15 ao 17

Presentáronse as XXIII Xornadas Mirdonienses de Arqueoloxía que, un ano máis, organiza o Concello e que terán lugar os vindeiros 15, 16 e 17 de decembro do 2023.

A actividade combina charlas e visitas a puntos de interese. As conferencias terán lugar no Pazo Santomé, na rúa Julia Pardo Montenegro e as visitas serán a diversos puntos da parroquia de Masma, en Mondoñedo. O programa comezará o 15, ás 19.30 horas coa entrega de documentación e co acto inaugural para arrancar a actividade propia do curso, ás 20:00h, coa intervención de Abel Vigo García e José Otero Rejes. A segunda xornada, o día 16, arrancará pola mañá cunha visita guiada a diversos puntos de inte-

rese en Masma comezando polos fornos de cal e continuando por diversos lugares da parroquia. Na tarde do sábado, ás 18.00 horas, terá lugar a segunda conferencia, a cargo de Alexandra Staniewska que abordará o tema das fosas comúns como sitios de investigación interdisciplinar.

A actividade finalizará o domingo 17 coa conferencia ás 12.00 horas, a cargo de Marcos Vaqueiro Rodríguez, no que fará unha primeira achega de resultados dos traballos de investigación na Cova do Rei Cinto nestes últimos anos. Para a asistir prégame inscrición a través do e-mail [xornadas.arqueo@gmail.com](mailto:xornadas.arqueo@gmail.com) ou a través do teléfonos 982 507 177 e 982 524 003.



# O piloto que conquista o enduro desde que tiña tres anos

Adrián Méndez vén de gañar a Copa de España na división de 65 cc

Con apenas tres anos Adrián Méndez Rancaño demostraba os seus dotes na motocicleta na finca dos seus avós no Valiño, en Mondoñedo, e agora, cando acaba de cumprir 10, xa é unha das promesas firmes do enduro a nivel nacional. Tan só unha temporada na competición foi suficiente para que este mariñán se fixera cos títulos galego, asturiano e coa Copa de España infantil na división de 65 centímetros cúbicos, onde conseguiu a súa mellor vitoria na última carreira o pasado 5 de novembro.

“En San Mateu arrasou, aínda que o recorrido era moi técnico, con pedras, area solta e subidas difíciles”, explica a súa nai, Vero Rancaño. Estas dificultades non frearon a Adrián que, malia enfrontarse con nenos maiores ca el, liderou a primeira posición en Castellón completando os catro tramos cronometrados en 20.59,040, a 26 segundos do catalán Jan Martínez e a 50 sobre o valenciano Arnau Ciscar.

O talento innato, a paixón e o esforzo explican o bo facer deste mindonienese sobre dúas rodas, ao que a afección lle vén practicamente dende o berce. “Eran bebés e estaban no par-

que empezando coas bicis e mentres o resto andaba con rodiñas, el xa andaba sen elas e buscaba pedras e troncos para saltar”, recorda Vero. Porén, comezar no mundo da velocidade tamén está nos seus xenes. “Supoño que o de gustarlle este deporte empezou porque seu pai tiña unha moto na casa, pero ninguén lle insistiu nin se lle comprou sen que el a pedise”.

**TALENTO HERDADO.** De feito, conseguir a súa primeira moto foi iniciativa do neno. “Un día pasamos por un escaparate e dixo que lle gustaría ter unha. Empezamos cunha moi simple para ver si lle gustaba e encantoulle”. A partir dese momento Adrián segue os pasos de Félix Méndez Nogueira, que tamén destacou no enduro e fíxose co campionato autonómico no 2012, entre outros títulos. “El está orgulloso. Ver que o seu fillo conseguiu o que quería e ca súa axuda é o mellor que lle pode pasar a un pai”.

Precisamente, o apoio dos seus proxenitores é fundamental. “O mérito é 100 % del, pero hai moito traballo detrás. Félix encargase de que a moto estea perfecta e de adestralo

e eu encárgome do tema administrativo, de inscribilo nas probas ou de preparar os equipos”, conta Vero. Referentes tampouco lle faltan a este pequeno amante da velocidade, que non se perde unha carreira dos que máis admira. “Ten moitos, pero gústalle Josep García e Taddy Blazusiak como endureiros e Jorge Prado e Ruben Fernández como crosseiros”. As fins de semana concentran os

**“Adrián segue os pasos de Félix Méndez Nogueira que tamén destacou no enduro e fíxose co campionato autonómico no 2012”**

adestramentos desta promesa. “Adestra nos circuitos de Jorge Prado en Lugo e no de Alfoz cando pode. Ninguén lle esixe que lle dedique ningún tempo”. En canto ás prácticas, tamén fai motocross e trial en bicicleta. “Aínda que o que máis lle



gusta é o enduro. O motocross necesita unha pouca de loucura para meter eses saltos e a tensión de ir pasando nenos ou que te poidan pasar é moi forte”, asegura a nai.

**FÚTBOL, BICI E MOTOCROSS.** Pero non todo son motos na súa vida. “Este ano quixo apuntarse a fútbol nas escolas deportivas de Mondoñedo, gústalle moito andar en bici e, cando ten tempo libre, como a maioría dos nenos gústalle botar unhas partidas na consola cos amigos”. En canto aos riscos deste deporte, Vero teno claro: “Se che digo que non é perigoso mentiría, pero tamén o é andar en coche é facémolo a diario”. Ela confía no traballo e na madurez de Adrián, malia a súa idade. “Ten unha técnica brutal e sei que o que fai é porque sabe que o dá feito. Nunca o verás arriscar nin tolear.

Hai momentos que si que me poño nerviosa, loxicamente, pero é moi maduro nese aspecto e sabe perfectamente o que é capaz de facer e o que ten que practicar”.

Pero converterse nun fenómeno de 10 anos do motociclismo e situarse no máis alto do podio tamén obrigan a este mariñán a renunciar a certos momentos. “Ten que deixar aniversarios de amigos a un lado, non pode ir a fútbol ou ás pistas sempre que lle gustaría e son moitísimas horas de furgoneta”. Porén, seguir gozando da súa paixón mantense coma o seu obxectivo, mentres desfruta de todo o que aporta o deporte, especialmente da xente e dos valores. “Aprende que ninguén dá nada, que o que conseguí foi porque el o loitou e, que se quere resultados, ten que esforzarse moito”, destaca Rancaño.

# O orzamento de 2024 incrementa a achega para servizos sociais

O Concello aprobou o orzamento para o ano 2024 que ascende a 3.814.618,50 euros cunha “forte aposta” polos servizos sociais. As contas municipais para o próximo exercicio estarán viventes a comezos de ano de forma que “permitirán ao Concello seguir traballando con estabilidade e previsión, como se fixo todos estes anos dende o 2015”.

O orzamento reflicte o compromiso do Concello “coas persoas que máis o necesitan como maiores e dependentes”. De feito, o goberno local incrementa a partida dirixida a servizos sociais.

O goberno mindonienese continúa apostando tamén pola área Rexurbe e pola implantación de empresas no polígono industrial. Neste eido, o Concello dirixe fondos propios a unha liña de axudas para o asentamento de actividade no polígono industrial.

**PSOE.** Os socialistas rexeitaron os orzamentos e advirten que estas con-



tas “só serven para tapar fochancas e non teñen unha folla de ruta coas prioridades que demanda a veciñanza”. No que atinxe ás inversións “é o dos máis pobres que se lembra, xa que son inversións que proceden por unha banda do Plan Único da Deputación e tamén do PEIM. Polo que parece que non hai interese por atraer proxectos a Mondoñedo por parte deste goberno”.

**BNG.** O concelleiro do BNG lamenta

que os orzamentos sigan a inercia negativa dos de anos anteriores, de nota “unha falta de proxecto global a longo prazo para impulsar o desenvolvemento de Mondoñedo e considera que limitarse facer políticas de retención do gasto sen buscar novas fontes de financiamento para cubrir as necesidades básicas do concello resulta insuficiente”.

Crítica que estes orzamentos sexan un rápido corta e pega dos de anos anteriores.

# Seguen as críticas á residencia de maiores San Rafael

Dende o BNG de Mondoñedo aseguran que no centro residencial San Rafael de Mondoñedo seguen a sufrir unha serie de deficiencias que puxeron en alerta aos familiares dos propios residentes, polo que o concelleiro dos nacionalistas, Eloi Cabanas, reuniuse cos familiares de usuarios desta residencia.

Estes familiares veñen sinalando que incluso o inmobiliario do centro se atopa en condicións deplorables que poden poñer en risco a integridade física dos e das residentes. Alén disto, os familiares trasladaron tamén que se constatou unha evidente falta de persoal, xa que nin as baixas, nin as vacacións son cubertas polo centro.

“Tamén se ten constatado que o centro carece do obrigado servizo de enfermería durante a fin de semana e a calidade da comida ofrecida vén diminuíndo desde hai tempo”, din.

“Dentro desta espiral de deterioro,

Mensajeros de la Paz decidiu incrementar o prezo mensual da residencia até chegar aos 1.900 euros mensuais”, afirmou o deputado mariñao.

**PSOE.** Os socialistas interpelaron ao Goberno local para coñecer a súa postura en relacións ás peticións de Mensajeros de la Paz, xa que solicitou ao Concello, unha axuda directa de 10.000 euros, así como unha rebaixa no canon da auga. “Na sesión plenaria informáronnos que non van a realizarse ningunha das dúas peticións”.

“Este goberno ten que coordinarse, ten que traballar, planificar, escoitar á veciñanza. Ten que parar de devolver subvencións, e estar encima dos proxectos. Tamén deben visitar as parroquias e coñecer de primeira man as necesidades da veciñanza e do Concello. Todo isto nos parece urxente e prioritario”, subliñan os socialistas de Mondoñedo.

## DEPORTES

### Comezou o prazo de inscrición do VI Torneo de Nadal Club de Bolos Xove

Comezou o prazo de inscrición do VI Torneo de Nadal Club de Bolos Xove que este ano celebrarase o 23 de decembro.

No torneo haberá categorías absoluta, veterano, feminina e xuvenil. O evento dará comezo o sábado ás 16.00 horas e despois haberá unha cea de confraternización. A inscrición ten un prezo de 15 euros e inclúe a cea.

Para anotarse haberá que chamar aos teléfonos 639 552 472 ou 617 833 949 antes do 17 de decembro.

### O sábado 16 entregárase o 4º trofeo Feminino pola igualdade de Barreiros

O vindeiro sábado 16, aproveitando o partido de liga, farase entrega do 4º trofeo Feminino pola igualdade, que o levara o equipo gañador do propio partido.

Este partido xogarase entre o Praias de Barreiros CD e o Burela FS B e será a partir das 19.00 horas.

### Abre o prazo de inscrición para o atletismo de Lourenzá e Barreiros

Tras o recente acordo no que os concellos de Lourenzá e Barreiros unen forzas para potenciar o atletismo, abren un novo período de inscrición para que os nenos nados entre o 2007 e o 2018 poidan unirse ao equipo e practicar esta disciplina que tantos beneficios aporta ás nenas e nenos.

A inscrición inclúe o préstamo de roupa; mochila e equipación completa, dous adestramentos á semana e a posibilidade de acudir a un terceiro adestramento que tería lugar nas recentes renovadas pistas de atletismo da Veiga, en San Cibrao.

Para anotar aos nenos haberá que acudir ás oficinas municipais do Concello de Barreiros e formalizar aí a inscrición.

Cos adestramentos xa en marcha, o equipo xa participou na II carreira popular Valadouro-Alfoz con moi bos resultados e na carreira popular Ao Son do Masma que tivo lugar en Celeiro de Mariñaos.

### Móvense os postos da liga no XII Aberto da Tarta



Por Daniel Rodríguez Saavedra.

A cuarta xornada da LNB Norleste disputouse o sábado 25 no campo Viñas da Veiga de Mondoñedo, ca disputa do XII Aberto da Tarta con 74 palanadores en xogo (48 homes, 15 donas e 11 cativos), nun campo brando, aínda que practicable ao que non todos os palanadores se deron axeitado e que xerou puntuacións mais ben cativas.

A gran sensación foi Cris de Castiñeiro Milenario, que confirma o seu bo estado de forma acadando un meritorio segundo posto logo de estar a piques de gañar o desempate co curtido veterano Sachas de Troitas Bravas, ámbolos dous acadaron 24 sobre 25 puntos posibles na fase de grupos. Terceiro no podio foi Basilio de Billardeiros Musicais.

Xa que logo Cris gañou a súa categoría e ca gran puntuación de hoxe sube o primeiro posto da

xeral de donas seguida das billardeiras Musicais Aroa e Geni tanto na xornada de hoxe como na xeral. En infantis, Mateu de Madia Leva, Antía e Martin Sandonguero os dous de Troitas Bravas, ocuparon o podio. Por primeira volta esta tempada, o gran Diego de Madia Leva queda fora dos tres primeiros. Hoxe non tivo o día.

O equipo de Carabullo presentou varias altas no equipo que lle permitiron acadar o segundo posto con un punto menos que os gañadores Troitas Bravas, pola contra os Billardeiros Musicais con notables baixas, aguantaron o tipo, sendo terceiro pos so un punto de diferenza, o que lles permite seguir o fronte da xera.

Gustaron da tarta de Mondoñedo os tres primeiros clasificados e mais o equipo gañador.

A vindeira cita será o domingo 18 de decembro en Ribadeo.

### A atleta ribadense Paula Conde recibiu un recoñecemento polos éxitos deportivos deste 2023

O salón de plenos de Ribadeo acolleu o acto de recepción á atleta ribadense Paula Conde, un recoñecemento polos éxitos deportivos logrados neste 2023.

Paula Conde Carrelo conseguiu ser campioa galega sub-16 de pista cuberta e pista descuberta, campioa absoluta de remudas 4x100 co Lucus Caixa Rural e medalla de bronce coa selección galega no Campionato de España sub-16. E tamén competiu nos campionatos absolutos de Galicia con tan so 15 anos. Dende o Concello de Ribadeo felicitaron tamén ao Club de Atletismo de Ribadeo polo seu gran traballo.



### Viveiro será unha das sedes do Campionato de Seleccións Autonómicas de Fútbol Sala

O Concello de Viveiro será unha das sedes da primeira fase do Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Fútbol Sala nas categorías sub 16 e sub 19 masculinas, un evento que terá lugar do 26 ao 30 de decembro.

“Un evento importante para o noso concello e para toda a comarca da Mariña”, afirma o con-

celleiro de Deportes de Viveiro, Eleazar José Rodríguez Abuín.

As seleccións galegas mediranse nesta primeira fase aos combinados de Madrid, Cataluña, Canarias e Ceuta.

O pavillón municipal de Viveiro presentará as súas mellores galas para ser testemuña dunha cita de primeiro nivel durante as festas de Nadal.

### O ouroles Francisco Rodríguez proclamouse subcampión de España de loita de brazos

O ourolés Francisco Rodríguez proclamouse subcampión de España de loita de brazos na Copa de España celebrada en Pedro Muñoz, Cidade Real.

Foi subcampión sénior con ambos os brazos na división de menos de 80 quilos e terceiro, tamén cos ambos brazos, no desafío campión de campións entre os mellores de todas as categorías.

Rodríguez xa era bicampión de España de loita de brazos no campionato celebrado en Mallorca en maio 2023 e conta con un ouro nacional. Tamén é 9 veces subcampión de España, 3 en campionato nacional e 6 na Copa. Tamén é Campión en Portugal e 15



no mundo e o seu irmán Iván tamén foi campión de España.

O mariñán é o presidente do único club de loita de brazos en Galicia, e é o máximo expoñente deste deporte na comunidade galega.

### Burela alberga unhas Xornadas de Actualización e Reciclaxe para adestradores

A Real Federación Galega de Fútbol, a través do Comité Galego de Adestradores, pon en marcha as Xornadas de Actualización e Reciclaxe que acreditarán as horas de formación que cada técnico terá que xustificar a partir da tempada 2025/2026 para poder tramitar licenza de adestrador en España.

O vindeiro xoves 28 de decembro terán lugar as II Xornadas de Actualización e Reciclaxe para adestradores de fútbol sala. A actividade levarase a cabo desde as 17.00 ata as 22.00 horas tanto no Auditorio Municipal de Burela como no pavillón de Vista Alegre coa participación de relatores de primeiro nivel

Contará con Tulio García, fisioterapeuta do Pescados Rubén Burela, Alfonso Mera, preparador físico do Pescados Rubén Burela, Adri Paz, asistente da selección española absoluta feminina, e Mon Barreiros, asistente da selección española absoluta masculina.

Ademais, estas II Xornadas de Actualización e Reciclaxe para adestradores de fútbol sala que pon en marcha a Escola Galega de Adestradores terán a súa cara solidaria, debido a que durante as mesmas levarase a cabo o xa tradicional Boxing Day Solidario que desde hai algúns anos desenvolve a RFGF durante estas datas tan sinaladas.

## Burela acollerá a Futsal Women's European Champions 2023

Os mellores talentos do fútbol sala feminino prepáranse para a competición da Futsal Women's European Champions 2023 con encontros que se disputarán no Pavillón de Vista Alegre. O evento iniciou a súa conta atrás e está preparado para desencadear unha onda de talento e paixón polo fútbol do 18 ao 22 de decembro.

O calendario detallado xa foi confirmado. A recepción de equipos será o 18 de decembro, aínda que algúns deles xa levarán uns días na Mariña Lucense, e o inicio dos enfrontamentos será a partir do 19 de decembro. A partir dese momento, os equipos participarán nun cuadrangular cuxa final se disputará o 22 de decembro, onde os dous equipos máis fortes competirán para converterse no mellor equipo a nivel europeo. O emocionante calendario da Futsal Women's European Champions 2023 está listo para



cativar aos afeccionados do fútbol sala e elevar o nivel da competición a novas alturas.

### COMPETICIÓN

- 19 ás 18.00 horas - SL Benfica VS Bitonto C5 Femminile
- 19 ás 20.30 horas - Pescados Rubén Burela FS VS FC Marlène

- 20 ás 18.00 horas - Bitonto C5 Femminile VS FC Marlène
- 20 ás 20.30 horas - SL Benfica VS Pescados Rubén Burela FS
- 21 ás 18.00 horas - FC Marlène VS SL Benfica
- 21 ás 20.30 horas - Pescados Rubén Burela FS VS Bitonto C5 Femminile
- 22 ás 20.30 horas - Gran Final

## Volve a Run Foz Run de Nadal

Volve a carreira de Nadal, Run Foz Run, que este ano chega a súa oitava edición e celebrarase o vindeiro 23 de decembro. A carreira terá lugar a partir das 11.00 horas sobre un circuíto de 200 metros para pícaros, 600 metros para benxamíns, 1.000 metros para alevíns, 1.800 metros infantís e cadetes, 5.000 metros para a competición absoluta e 6 quilómetros para a andaina.

A saída e meta farase dende a praza Rosalía de Castro e a competición transcorrerá por un circuíto urbano cun perfil moi suave propicio para unha carreira rápida.

A inscrición estará limitada a 300 corredores para a carreira absoluta, 100 corredores para a carreira pícaros, 50 corredores para a carreira benxamíns, 50 co-



redores para a carreira alevín, 50 corredores para a carreira infantil e cadete.

As inscricións en liña poderán realizarse ata o xoves 21 de decembro ás 23.59 horas e o prezo da inscrición variará en función do tramo seleccionado dende gratis para

menores antes do 30 de novembro ata 10 euros para carreira absoluta. Os dorsais poderán ser retirados presencialmente na carpa da organización na praza Rosalía de Castro o día 22 de decembro de 16.00 a 19.00 horas e o mesmo día da proba de 9.00 a 11.00 horas.



**KARATE SHITOKAI.** Alumnos do Club de Karate Shitokai A Mariña conseguiron o Cinto Negro e Dan nos exames realizados en Oviedo o sábado 25 de novembro. Sara Fernández Ramos e Carla Neira Martín conseguiron o Cinto Negro 2º Dan, mentres que Alejandra Gómez Méndez, Simón Chao Sánchez e Rodrigo García Martín o Cinto Negro 21º Dan. Carlos Fernández García participou como asistente, axudando aos seus compañeiros.

## Aberta a inscrición para participar na XXXIII San Silvestre de Ribadeo

Ata o 26 de decembro estará aberta a inscrición para participar na XXXIII San Silvestre de Ribadeo que terá lugar en Ribadeo o último día do ano. As persoas que queiran participar poden anotarse ata o 26 de decembro en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).

A saída da mini San Silvestre, para nenas e nenos menores de 4 anos, terá lugar ás cinco menos vinte da tarde; a saída para os pícaros de 4 a 7 anos será ás cinco menos cuarto. A milla para rapazas e rapaces de 8 a 11 anos está prevista para as cinco menos dez. E a San Silvestre, cun percorrido de 5.000 metros, dará comezo ás 17.00 horas.

Dende o Concello indicaron que "haberá premios en metálico e trofeos para os 3 primeiros clasificados absolutos feminino e masculino e para os 3 primeiros ribadenses homes e mulleres. Os

tres primeiros clasificados nas outras categorías recibirán medallas e trofeos a gañadora e o gañador das mini San Silvestre e da Milla. E tamén haberá trofeo para os participantes de maior idade que rematen a súa carreira, masculino e feminino".

**MARCHA.** Ata o 15 de decembro está aberto o prazo de inscrición na I Marcha Interxeracional San Silvestre, que organiza o CAMP A Concordia.

O percorrido irá dende a rúa Dionisio Gamallo Fierros ata a praza de España. Trátase dunha actividade deseñada para todas as persoas incidindo en que a accesibilidade debe estar presente na vida cotiá. A inscrición para participar pode facerse de xeito presencial no Centro de Día A Concordia ou chamando aos teléfonos 982 120 407 ou 638 295 573.

## Entregados os premios do Circuíto de Carreiras Populares +KmsBarreiros



O centro sociocultural de San Cosme de Barreiros acolleu a clausura da II edición do Circuíto de Carreiras Populares +KmsBarreiros coa entrega de premios aos mellores deportistas así como un agasallo conmemorativo a todas as persoas que participaron en, polo menos, 4 das 6 probas coas que conta o circuíto. A Carreira Solidaria de Reis, a Carreira das Praias, o ½ km Vertical, a Benquerencia Terra-Mar, o Trail Monte Comado e a Carreira Popular Ao Son do Masma.

Tamén houbo un oco para o agradecemento ás asociacións colaboradoras e organizadoras de varias probas do circuíto. Colectivo Cultural Ollomao, Asociación Cultural e Deportiva Praias de Comado e Asociación

Deportiva Augas Santas de Barreiros.

O edil de dinamización, Dani García, fixo "un balance moi positivo" e agradeceu a colaboración "polo traballo e dedicación que tanto deportistas como voluntarios e voluntarias, tecido asociativo e patrocinadores, fan posible manter en Barreiros 6 carreiras populares xa consolidadas no calendario mariñán".

Dani García anunciou tamén a continuidade para o 2024 do circuíto +KmsBarreiros dando comezo "o vindeiro 7 de xaneiro teremos a carreira e andaina solidaria de Reis que dará o pistoletazo de saída a unha nova edición que traerá novidades de cara a seguir fomentando a participación".



**CEIP SAN COSME.** Os nenos do colexio barreirense recibiron a visita de Salvador Arco, Director da Fundación Breogán, e a bióloga ambiental da Uned, Paula Fernández Moure, dentro do proxecto Ningún Aro Sen Rede que promove redes de baloncesto artesanais, recicladas e sostibles.

## Inaugurado o hangar de piragüismo de Ribadeo

Inaugurouse oficialmente o hangar de piragüismo de Ribadeo trala reforma levada a cabo coa axuda da Deputación de 74.200 euros.

Os traballos, realizados ao longo dos últimos meses, supuxeron a renovación integral das instalacións empregadas polo CP Altruán. Instaláronse vestiarios, reforzouse a estrutura construtiva do edificio e compartimentouse para habilitar espazo específico como almacén de piraguas. O vicepresidente da Deputación de Lugo remarcou “a súa satisfacción por ver as instalacións funcionando a pleno rendemento e a disposición das e dos deportistas do CP Altruán” e felicitou ao club “polo traballo que realiza na promoción do deporte e

na posta en valor da Ría de Ribadeo como espazo de ocio activo” e “por unha temporada moi meritoria tamén no estritamente competitivo, destacando en competicións provinciais, galegas e estatais – con 112 podios ao longo do ano – e cun fito tan ilusionante como a primeira participación dun deportista da canteira nun Campionato do Mundo con Nicolás Gayol”. “Agardamos que estas instalacións fgan máis comfortable e doado un traballo magnífico, do que estamos orgullosas e orgullosos”, concluíu. O presidente do club Jose Ángel Fernández “Fefo” valorou a reforma que “nos dá unha nova oportunidade”.

## “No FSF Castro aportarei garra intensidade e compromiso”

Jenny Santos cumpre a súa sexta tempada no Pescados Rubén FS, e neste ano deportivo xoga cedida no FSF Castro Bloques Cando

Con pesar, o CD Burela FS chegou a un acordo co FSF Castro para a cesión da súa xogadora “máis alegre, bailona e aventureira”, Jennifer Santos Rodrigues, Jenny.

A ala portuguesa de 31 anos cumpría a súa sexta tempada xogando entre as filas do Pescados Rubén Burela FS pero finalmente xogará no club veciño que compite na mesma categoría. Moi querida tanto entre as súas compañeiras, coma no club, coma no pobo. Dicimos ata logo a esa boa e positiva actitude que despende a xogadora e que estamos seguros volverá a visitar Burela durante esta tempada deportiva.

**Que lle aportou a súa estancia en Burela tanto a nivel persoal como deportivo?**

Aportoume moitas cousas... nunca estivera cunha afección tan apaixonada polo fútbol sala coma a Familia Laranxa. Sentíame coma se estivera na miña casa, e todo é máis doado cando é así. E so teño palabras de agradecemento para todos. Aprendín moito de fútbol sala e xoguei coas mellores...



**Cales foron o seu peor e mellor momento durante estes anos en Burela?**

O meu peor momento foi a miña lesión no xeonllo, pero supereino. E foron moitos momentos bos en Burela... pero sen dúbida o mellor momento foi cando gañamos a Copa da Raíña en Burela en 2019. Foi máxico, un ambiente fantástico e a copa foi “a cereja no topo do bolo” (A guinda do pastel).

**Cal é a súa opinión cara ao club CD Burela FS?**

Burela é unha referencia do fútbol sala feminino español e do mundo... por todos os logros, por ser un club pioneiro pola igualdade e moito máis..

**Que é o que máis botará de menos de Burela?**

Botarei de menos ás miñas compañeiras, á familia Laranxa, o mar, o paseo marítimo, as rutas pola Mariña,... de todo un pouco.

**Que espera ou que expectativas ten cara ao equipo ao que vai cedida esta tempada, o FSF Castro?**

FSF Castro é un equipo recentemente ascendido e con moita marxe de mellora e ademais voume reencontrar con Luisa e Lucía (canteiría de Afervenza), que xogaron en Burela, coñezo tamén a Dani Sousa e sei que me van axudar coa adaptación ao equipo.

**Que espera aportar ao equipo?**

Intensidade, compromiso, garra, alegría e baile.

**Volverá a visitar aos bureleses de vez en cando?**

Iso nin se pregunta. Seguramente irei moitas veces a Burela, ademais Castro de Rei está preto.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



### TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

# DEPUTACIÓN

## A Deputación aproba un orzamento para 2024 de 116 millóns de euros

A Deputación de Lugo aprobou no Pleno os Orzamentos do ano 2024, que, con máis de 116 millóns de euros, suporán máis servizos públicos e máis dinamismo económico para a provincia, sobre todo no rural, e demostran que “é posible outro modelo de xestión e outro Goberno para Galicia, con diálogo, lealdade e recursos para os concellos”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez, no debate plenario, durante o que subliñou que o presuposto sube un 5,32%, grazas aos fondos que o Executivo provincial conseguiu da Unión Europea.

A deputada incidiu en que son uns orzamentos “realistas e útiles”, por tres motivos principais: “aprobámoslos en tempo e forma para que entren en vigor a primeiros de ano”; “servirán para achegar os servizos públicos aos veciños e veciñas, e para promover a actividade económica vinculada aos sectores estratéxicos da provincia, factores esenciais para fixar poboación no noso rural”; e “continuaremos coa política de feitos, grazas á que executamos unha media anual do 85% do gasto”. Ademais, explicou, son uns presupostos “expansivos” porque soben os investimentos reais nun 45% e as transferencias correntes en preto dun 3%; e “profundamente sociais”, en tanto que as políticas sociais concentran un terzo do total dos fondos previstos, ata alcanzar os 38 millóns de euros, o que supón un 3% máis ca neste ano.



“Un esforzo investidor enorme, co que estamos facendo o que non fai a Xunta de Galicia na nosa provincia”, recalcou Mayra García Bermúdez, pois “incumpre o Estatuto de Autonomía e a Lei de Servizos Sociais de Galicia e non asume as competencias en servizos sociais, cargándollas á Deputación e aos concellos, sen transferirnos financiamento”.

Por iso, entre outras moitas medidas, asegurou, a institución provincial “ten que despreparar e manter unha rede de residencias públicas para os nosos veciños e veciñas do rural, porque a Xunta non o fai, nin tampouco colabora”.

**MAIORES.** Así, nos Orzamentos do 2024 a Deputación dedica preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de maiores que ten en servizo –6 deles abertos no pasado mandato-, e continuar cos proxectos comprometidos. Como xa adiantou o Presidente, José Tomé Roca, a previsión é

poñer en marcha neste mandato as residencias da Pontenova e de Guitiriz.

O Goberno provincial renova seu “apoio ao labor fundamental do tecido social vinculado co terceiro sector” con partidas que suman 1,3 millóns, explicou García Bermúdez, que, en políticas sociais, tamén destacou a creación no antigo hospital de San Rafael, en Castro de Rei, do que será o primeiro Centro de Acolllida de Protección Internacional de Galicia. Un proxecto froito da colaboración da Deputación co Goberno do Estado, que terá “un retorno económico moi importante para a provincia”, cun investimento de 12 millóns e a creación de 25 empregos directos e 45 indirectos.

A Deputación desenvolverá no 2024 o programa E Para Vivir... a Provincia de Lugo, para “afrontar o reto demográfico”, sinalou a deputada, con medidas de apoio integral ás persoas que decidan irse a vivir ao rural; axu-

das ao alugueiro de vivenda; e apoio para a diversificación de cultivos.

O vindeiro ano, as políticas de emprego contarán con 4 millóns de euros para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3 millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia-, como para o apoio á Universidade pública; os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade suben un 10%; Deportes chega aos 4,8 millóns; Cultura, aos 5 millóns; e Artesanía e Deseño, a 1,44.

**CONCELLOS.** O Goberno da Deputación sobe o plan de cooperación cos Concellos ata os 21.750.000 euros, “o que significa transferirles aproximadamente o 20% dos Orzamentos provinciais, seguindo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto total á autonomía municipal”, expuxo Mayra García Bermúdez.

Ademais de incrementar os fondos do plan de cooperación, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os municipios que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que “aforran miles de euros e gañan eficacia”, e, de cara ao 2024, como reforzo de todo ese apoio, proporcionará gratuitamente aos 52 concellos que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC equipamentos e servizos tecnolóxi-

cos que lles permitirán avanzar na transformación dixital e mellorar así os servizos que prestan á veciñanza, grazas aos 4,5 millóns que conseguiu da Unión Europea.

**ESTRADAS.** Como “un dos piares dos Orzamentos”, explicou, o investimento na mellora da mobilidade medra un 11% no ano 2024, ata alcanzar os 20 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, en estradas provinciais e municipais.

Dende o inicio do anterior mandato, destacou García Bermúdez, o Goberno da Deputación foi incrementando progresivamente as partidas para a rede viaria provincial e local, pasando dos pouco máis de 14 millóns de euros que había no 2019 aos 20 millóns do 2024, o que supón unha suba dun 42% en 5 anos. “

**SECTORES.** O apoio aos sectores produtivos gaña peso nos Orzamentos do 2024, e incrementáanse nun 7,6%, ata chegar aos 11,3 millóns, as partidas para sectores estratéxicos, como o agrogandeiro, forestal e do mar, a economía verde, o comercio, a hostalería e o turismo.

No caso do sector primario, os fondos ascenden a 3,5 millóns, dos cales 2 son para a Granxa Gayoso Castro. Neste eido, a Deputación prevé arrancar as obras que restan do Parque Central de Galicia, en Antas de Ulla, que “será un revulsivo para a zona e para a toda a provincia”.

Tamén potencia o programa Lugo Termal ofrecendo máis prazas que a propia Xunta; renovará o programa Coñece a túa Provincia, cun retorno económico de medio millón de euros dende o seu inicio; ou continuará coas rutas fluviais pola Ribeira Sacra.

## Licitado o contrato para a conservación de estradas nos próximos dous anos

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou licitar por un importe de máis de 3,5 millóns de euros a prestación do servizo de conservación e mantemento dos 4.217 quilómetros que ten a rede viaria provincial, para os dous vindeiros anos 2024 e 2025.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen informou de que o contrato “está dividido en 8 lotes, un por cada zona da rede viaria provincial, co obxectivo de poder actuar dun xeito máis áxil e eficaz”, tendo en conta, subliñou, que “a de Lugo é a Deputación de España con máis quilómetros de estradas, e que multiplica

por tres a rede da propia Xunta de Galicia”.

Inclúense tarefas de acondicionamento, así como a atención de emerxencias, causas sobrevidas e consecuencias provocadas polas inclemencias meteorolóxicas nas vías. Na Xunta de Goberno tamén saíron adiante dous novos contratos para o subministración de material para o Parque Móbil da Deputación que suman, en conxunto, un importe superior ao millón de euros. Trátase, por un lado, da adquisición de emulsión asfáltica, por unha contía de case 720.000 euros, estimada en base a un consumo de 1.250 toneladas semestrais a un

prezo de 574 euros por tonelada, e prorrogable por outros 6 meses. Por outra banda, a Deputación licita por preto de 380.000 euros a compra de áridos de rego asfáltico con grava artificial, necesario para realizar os traballos de acondicionamento nas estradas provinciais e municipais.

Tamén na Xunta de Goberno aprobouse o último trámite administrativo que resta para pagar a 21 asociacións de 13 concellos da provincia axudas económicas que suman un total de 115.000 euros, beneficiarias do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios que impulsa a Deputación.

### COÑECE A TÚA PROVINCIA



A Deputación de Lugo leva xerado un retorno económico de en torno ao medio millón de euros no sector turístico a través do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia dende a súa posta en marcha no ano 2021. Participaron en total 358 colectivos e case 8.000 persoas, que viaxaron gratuitamente polas distintas comarcas grazas a esta iniciativa, coa que a institución provincial busca fomentar o coñecemento dos recursos patrimoniais lucenses entre os propios veciños e veciñas, ao mesmo tempo, dinamizar a actividade do turismo, a hostalería e o comercio.

# COLABORACIÓNS

## A miña mochila

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**E**u son Noelia. Unha nena da aldea. Coma quen di, unha nin-guén. E ademais, pobre. Así daría comezo a miña novela imaxinaria e autobiográfica que tería escrito de pícara. Engadiría aquilo de que os sucesos e personaxes retratados no libro son completamente ficticios, ou non. Que calquera parecido con persoas reais, vivas e/ou mortas, ou con feitos reais é mera casualidade, malia estar baseado en feitos reais, tanxibles, palpables e clarividentes. Porque malia ser unha cativa, ou nena, porque cativa só é a fame, era lúcida e espe-lida. Esa perspicacia levaríame a explicalo ao comezo, para que

os poucos que a lesen do meu entorno non se desen por pro-  
tagonistas. Porque a miña afec-  
ción preferida daquela era doer-  
me da xente, pero tamén rirme  
dela, porque son neta de quen  
son. Agora parece que só teño a  
primeira, pero estou traballan-  
do firmemente en recuperar a  
segunda. Eu, coma Balbino, vivo  
nun tempo que non me pertence  
como xa teño escrito nestas li-  
ñas, e o que agora é frustración  
debera convertelo en humor.  
Porque hai moita xente que non  
ten remedio, e como me acer-  
tou a dicir a miña psicóloga, ti  
estás aquí sentada por culpa de  
moita xente que endexamais vai  
a pasar por esta consulta. E aí  
radica o principal problema que  
temos agora mesmo as persoas  
autoesixentes e perfeccionistas  
nun mundo que anda a correr,  
que non afonda mais ca no su-  
perfluo, que banaliza os valores



que nos transmitiron os mais vel-  
los e sube a Instagram as vaca-  
cións en Cancún pero non conta  
que leva mais dun mes sen falar  
coa súa avoa, porque iso non ten  
boa acollida. Realmente, nos ví-  
deos de xente axudando a per-  
soas sen recursos, canto hai de

verdade? Ou canto é da imaxe  
que quero proxectar? Desexo  
fundamente que moito de reali-  
dade, pero nas ocasións nas que  
eu fun protagonista, só sentín  
miradas de desprezo mesturado  
con medo. “Ese gasta todo can-  
to pide en tabaco e en cervexas”.  
Señora, pode que teña unha  
enfermidade e sexa adicto, non  
digo eu que non, pero eu cando  
me acerquei preguntarlle díxo-  
me que lle daba igual o que lle  
comprase, pero que non facía fa-  
lla que o xamón fose do ibérico,  
que lle gustaba igual o de marca  
branca. Esa foi a miña realidade,  
e imaxino que a de moitos. Teño  
ao meu arredor a unha morea de  
adolescentes aos que trato por  
todos os medios de convencer de  
que o que ven acotío, só é un 1%  
da vida dalguén. E que alguén  
que vexa as miñas, seguramente  
pensará que son orfa e solita-  
ria, cando teño moita xente que

me acompaña a diario pero non  
forma parte disto, ben por idade  
ou ben por convicción. Di B. en  
cada día da nai que pasa, que  
moitos dos textos que acompa-  
ñan ás fotos de nais e fillas, que  
nin sequera deben lelos antes de  
copialos directamente dalgunha  
páxina de frases bonitas de Pin-  
terest. Eu nunca lle adiquei nin-  
gunha, pero dubido que alguén  
lle queira tanto coma min, mais  
xa sei seguro que é imposible. E  
de H. pensarán que segue coa  
súa ex, porque son as fotos que  
aparecen en FB, e eu non saio  
en ningunha. Da miña curmá pe-  
quena pensarán que leva vida de  
influencer porque só sobe fotos  
cando vai a saír de festa pero  
non cando queda a estudar ata  
as tantas. Pero hai vida mais alá  
diso. E non somos o que ensina-  
mos, somos o que facemos can-  
do ninguén nos grava, ou mellor  
dito, cando ninguén nos mira.

## Xornada partida ou continua

O PUPITRE



Julio Díaz

**E**scoito con preocupa-  
ción que o Consello  
Escolar de Navarra  
aproba no seu di-  
tamen o proxecto de  
Orde Foral polo que se establece  
a xornada escolar partida para to-  
dos os colexios públicos de Infantil  
e Primaria. Trátase dunha volta ao  
tradicional modelo de clases pola  
mañá e pola tarde, que nos derra-  
deiros anos e, especialmente tras  
a covid, perdeu peso na maioría  
dous centros educativos españois  
en detrimento da xornada escolar  
continua ou intensiva de clases só  
en horario matutino.

Para afondar no debate aparece  
un informe da OCDE, Organiza-  
ción para a Cooperación e o Des-  
enrolo Económico, que fai unha  
aposta pola xornada partida dos  
centros educativos, alegando que  
a continua prexudica a equidade  
do alumnado, cando outro infor-  
me do mesmo organismo di que  
Galicia é unha das comunidades  
con máis equidade no estudo. Si  
Galicia ten case un 90% dos cen-  
tros con xornada continua é total-



mente contradictorio co que agora  
presentan neste informe.

O que si di este informe, e ninguén  
resalta, é que un profesorado mel-  
lor remunerado, os centros con  
máis recursos, unha revisión das  
políticas de admisión do alumna-  
do e de elección de centro, que  
garanta que os alumnos se distri-  
búan de maneira máis heteroxé-  
nea entre os centros educativos  
reducindo a segregación escolar,  
máis F.P é o que favorece que a  
fase de abandono temperá dimi-  
núa e o aumento na calidade do  
ensino se produza.

A pesar de que a grande diversida-  
de de estudos sobre un tema tan  
controvertido segundo ou enfoque  
de expertos, profesores e familias

non poden afirmar con rotundi-  
dade cal é o modelo máis benefi-  
cioso para mellorar o proceso de  
ensino-aprendizaxe.

Eu como docente e, ante a falla de  
estudos contundentes que non se  
vexan influenciados por intereses  
variados, prefiro unha xornada es-  
colar continua, xa que penso que  
os nenos presentan o seu nivel  
máis alto na “curva de atención”  
en horarios de mañá. Tamén é  
mellor que acaben antes e poidan  
realizar outro tipo de actividades,  
sen que a súa xornada se prolon-  
gue moito. É un dos problemas  
que temos no noso país, que a  
xornada dos nosos rapaces, cando  
rematan a xornada escolar, a ex-  
tracurricular e tempo libre adén-

trase xa na noite facendo que as  
xornadas sexan interminables.

É importante non confundir a  
xornada educativa dos nosos  
alumnos coa xornada asistencial  
e os centros escolares non deben  
responder ás necesidades das fa-  
mílias desde un punto de vista da  
conciliación, senón dende un pun-  
to de vista educativo e as adminis-  
tracións non deben liquidar este  
problema conciliatorio pola vía  
rápida “aparcando aos rapaces”  
dentro das aulas.

As propias conversas con pais/nais  
tampouco dan idea de consenso.  
Os partidarios da continua ven  
unha molestia desprazarse catro  
vezes ao día aos centros educati-  
vos (se os seus fillos non quedan

ao comedor) e agradecen poder  
pasar máis tempo con eles en caso  
de non traballar polas tardes.

Tamén entenden que é mellor para  
os rapaces condensar as horas lec-  
tivas na mañá e permitir dispor de  
máis tempo libre para eles.

Outros veno de forma distinta e  
prefiren a xornada partida, xa que  
lles sería imposible poder organiza-  
se para recollelo pronto e ademais  
consideran que os rapaces están  
máis “relaxados” ao facer unha pa-  
rada para comer, descansar un ana-  
co, en lugar de comer máis tarde.

Resulta interesante ver os argu-  
mentos de defensores e detrac-  
tores; argumentos que se repiten  
por parte dos que defenden am-  
bas as posturas. Argumentos inte-  
resados xa que a día de hoxe non  
existe ningún estudo que aclare  
rotundamente sobre os beneficios  
ou prexuízos dun tipo de xornada  
sobre outro. O debate en si ten  
máis de político que de mellora  
educativa.

Rematar dicindo que a xornada  
escolar non é un capricho do pro-  
fesorado, xa que para implantala  
ou modificala fai falla unha maio-  
ría cualificada na que participan  
as familias, o Consello Escolar do  
Centro e o claustro de profesores.  
Unha garantía.

## MAR

## As confrarías lucenses presentan un documental sobre o Carme

Presentouse no salón de actos da Confraría de Pescadores de Burela o documental 'A Festa do Carme nos portos da Mariña de Lugo'.

A Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo levou a cabo este proxecto grazas ao convenio subscrito coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia, no que se fai un percorrido pola historia das celebracións que se dedican á Virxe dos Mares desde as confrarías da costa de Lugo: procesións, misas, tallas, ofrendas florais e mesmo ofrendas submarinas.

O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo, Basilio Otero, acompañado da xefa territorial da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, Mariña Gueimunde, e da alcal-



desa de Burela, Carmela López; presentaron o documental, que ao longo duns 40 minutos repasa a historia, o pasado e o presente destas celebracións de fondo sentimento relixioso e profundo raizame popular entre as xentes do mar da Mariña.

A reportaxe está realizada pola

produtora local Arracada Produccións con imaxes actuais das celebracións e tamén aproveitando parte do arquivo histórico de imaxes de Sergio López Maseda (Foto Sergio) das últimas décadas, desde as primeiras alfombras florais ata as últimas procesións marítimas.

### Portos adxudica a ampliación de atraques no peirao de Celeiro

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de adxudicar as obras de ampliación das instalacións e nomeadamente os atraques do porto de Celeiro. A execución dos traballos suporá un investimento de 580.000 euros por parte do ente público e ten un prazo previsto de 6 meses.

As obras, que darán comezo nas vindeiras semanas, consisten na instalación de novas prazas de atraque mediante peiraos flotantes e a recolocación dun dos molles deportivos existentes, para cubrir as necesidades de toda a frota profesional (3ª lista) e de recreo (7ª lista) existente. Para a 3ª contémpanse 18 novas prazas de esloras entre 8 e 14 metros e para a náutica 52 prazas de 6 metros.

Así mesmo, os traballos contemplan o deseño dun novo peirao para a frota profesional, situado na marxe sur da dársena, xunto aos peiraos de descarga de embarcacións da 3ª lista. Os atraques para embarcacións de recreo estarán situados na marxe este da dársena e os dous peiraos de embarcacións deportivas contan con accesos independentes. Para dar cabida á frota profesional será preciso recolocar un destes molles deportivos, de forma que se garanta a maniobrabilidade das embarcacións.

## A Cofradía de Pescadores de Celeiro recibe a insignia de ouro



A Confederación de Empresarios de Lugo, CEL, recoñeceu á Cofradía de Pescadores de Celeiro coa súa insignia de ouro, polo seu indispensable papel no impulso socioeconómico non só do sector pesqueiro mariñán, senón de todo a contorna onde desenvolve a súa actividade desde fai 100 anos.

Neste sentido, a CEL destaca que a importancia da Cofradía é vital desde diferentes puntos de vista. Polo seu papel histórico, considerando que foi e é fundamental para a historia e devir da pesca na rexión, contribuíndo á economía local á vez que mantén a tradición; pola súa aposta polas prácticas sustentables e viables de pesca ao longo dos anos, facilitando o coidado d eles recursos

mariños e a preservación do ecosistema; pola súa contribución á creación de emprego e riqueza ao longo dos anos, con gran impacto na comunidade vivariense; pola súa aposta pola responsabilidade social ou a innovación, desenvolvendo tecnoloxías innovadoras e fomentando o avance da industria.

A CEL subliña igualmente a capacidade de resistencia e adaptación da Cofradía, manténdose activa e relevante ao longo do tempo ou a súa contribución á preservación cultural e patrimonial da tradición pesqueira de Viveiro, transmitindo coñecementos de xeración en xeración sobre técnicas de pesca, métodos de navegación e formas de vida ligada ao mar.

## A Ribeira de Foz amosase "feliz" pola futura dragaxe do canle de acceso e o peirao



A Asociación A Ribeira de Foz comunicou o seu agrado polo anuncio da dragaxe do canal de acceso e do peirao pesqueiro para o vindeiro ano, así como do novo anuncio para acadar un proxecto definitivo de remodelación e adecuación do peirao de Porto Chico. Ambas as dúas actuacións recóllese nos orzamentos da Xunta para ou ano 2024.

A Ribeira de Foz leva "traballando arreo e con moita paciencia dende o ano 2015 para acadar todas estas actuacións que, sen dúbida, representarán un fito para o noso concello", din. "Ao longo de todos estes anos, podemos afirmar que as reunións co persoal técnico e de enxeñaría portuaria foron moi numerosas, ás que hai que engadir a boa disposición política por escoitar as nosas demandas". De feito, as devanditas reunións están "a dar os seus froitos para

conseguir obxectivos como os que xa se conseguiron no ano 2018: a dragaxe do peirao principal e a colocación dun novo pantalán.

Os traballos previstos para o próximo ano e que se anunciaron por parte do Goberno galego consisten nun dragado da canle de acceso os peiraos e do peirao principal cun mantemento da dragaxe cunha duración catro anos. Ademais, outra boa nova que recibiron foi a remodelación e dragaxe do peirao de Porto Chico no que a Asociación estivo traballando e que grazas a iso a día de hoxe xa existen uns estudos de anteprojecto "que é totalmente coincidente coa nosa idea para o mesmo". Estes estudos previos contemplan, ademais da dragaxe da dársena, o cambio de bocana para mellorar o abrigo e un gran aumento das prazas de atraque para embarcacións deportivas.

## Expomar organiza a celebración o Día do Orgullo Mariñeiro

A Fundación Expomar organiza a celebración o Día do Orgullo Mariñeiro, que terá lugar en Burela e en toda a Mariña Lucense o venres 15 de decembro.

O xerente da Fundación Expomar, José M. González 'Brais', presentou o programa da xornada, que combinará a divulgación nas escolas, a exaltación da cultura mariñeira e a gastronomía. Tamén explicou a esencia do proxecto, que quere poñer en valor a importancia da cultura mariñeira de Burela, entre moitas outras cousas, polos 100 anos recen cumpridos de historia da confraría de pescadores, pola importancia da lonxa de Burela a nivel rexional, nacional e europeo, pola relevancia dos provedores locais no comercio pesqueiro e mesmo pola puxanza do sector estaleiro. A primeira parte da xornada, Orgullo

Mariñeiro nas Escolas, terá lugar nos comedores escolares de 8 colexios públicos da Mariña, onde máis de 700 niños comerán ese día Merluza de Burela nos seus menús.

O segundo bloque da xornada, Orgullo Mariñeiro no Escenario, celebrárase no auditorio da casa da cultura de Burela ese mesmo día a partir das 18.00 horas, para a proxección da película documental 'Escamas, Sangue!', producida e dirixida por Adrián Canoura e Breixo Llano. A continuación terá lugar unha charla coloquio cos protagonistas do documental, producido en 2014 polo 20 aniversario da 'Guerra del Bonito'.

Despois dunha actuación da Coral Polifónica de Burela, clausurarase a xornada cultural. E para finalizar na praza da Mariña haberá unha degustación gratuita de pescada de Burela.

## DECUBRINDO O PATRIMONIO

# Mondoñedo: Ponte do Pasatempo

Conta a lenda que nela, os cóengos da Catedral entretiveron á muller de Pardo de Cela para que non entregara o indulto

Esta ponte de orixe medieval dun só arco sobre o río Valiñadares, está situada no barrio dos Muíños, e está construída sobre un Camiño Real e é unha das vías de tránsito cara á cidade desde antigo. De orixe medieval, esta ponte ten un só arco de medio punto de 7 metros de luz e a calzada alombada.

Está construída con cachotería de lousa e rematada con perpiño de granito. Comunica as dúas beiras do río Valiñadares, e o seu estado actual é froito dunha restauración de finais do século XVIII.

Ademais é a protagonista do episodio máis famoso da historia antiga de Mondoñedo: a decapitación do Mariscal Pardo de Cela na Praza da Catedral.

**LENDA.** A figura do mariscal é unha das máis míticas da Historia de Galicia, símbolo da resistencia da nobreza galega fronte á castelá. Foi acusado de traizón y apresado no seu castelo de A Frouxeira, traizoado polos seus criados. A súa muller Isabel de Castro obtivo para el o indulto real de Isabel A Católica. Mais os Cóengos da Catedral detivérona e a entretiveron na ponte o tempo preciso para que o indulto non chegase a tempo ao seu destino; Pardo de Cela foi executado na Praza da Catedral no 1483. Dende aquela, esta ponte é coñecida como Ponte do Pasatempo.

A dura loita durante tres anos na fortaleza de A Frouxeira, a



traizón dos seus criados e a súa morte no cadafalso, convérteno axiña en mito, e empeza a ser trobado nas feiras e mercados, formando parte da tradición oral posterior. Tamén se recolle a súa figura en varios textos - estudados por autores como Álvarez Blázquez ou máis recentemente Antonio Meilán - como o Romance de Pardo de

Cela, o Cantar do Mariscal ou as diferentes versións da Relación da Carta Executoria.

Actualmente, a ponte do Pasatempo é un lugar moi visitado de Mondoñedo, e sobre a lenda arredor da morte do Mariscal teñen corrido ríos de tinta en forma de poemas, cancións, novelas, ensaios histórico-lendarios e análises

científico-históricas destinados a esclarecer que parte podería ter de verdade.

**MARISCAL.** A súa figura foi moitas veces foi usada como símbolo de resistencia da nobreza galega fronte á castelá, visión que a historiografía deu como simplificada por demais. Da mesma forma, tamén o é

a intención de facer do mariscal un criminal sen escrúpulos. Pardo de Cela era unha personaxe normal na súa contorna. A nobreza galega da época dubidaba entre a unión con Portugal ou con Castela e intentaba extorsionar aos servos de tal forma que deu lugar ás revoltas irmandiñas.

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:  
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:  
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605